



PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

SECCIÓN 04

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 234/2012, do 5 de decembro, establece os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

No seu artigo único dispónse que dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral da Presidencia, da que dependerá a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia
2. Secretaría Xeral de Medios, da que dependerá a Dirección Xeral de Comunicación e á que estará adscrito o ente público Compañía de Radio Televisión de Galicia
3. Secretaría Xeral da Emigración
4. Secretaría Xeral para o Deporte
5. Secretaría Xeral para o Turismo

Queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de conformidade co disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea esta e se aproban os seus estatutos.

Na súa disposición adicional primeira indícase que, de acordo co Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se establecen os estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, a axencia asumirá, dende a súa constitución, as competencias atribuídas á Secretaría Xeral para o Turismo e os servizos de turismo das xefaturas territoriais, que quedarán suprimidos no momento da dita constitución.

De igual xeito, na súa disposición adicional segunda indícase que o ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia continuará adscrito á Secretaría Xeral de Medios ata a súa disolución, de conformidade co disposto na Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

O desenvolvemento desta estrutura orgánica lévase a cabo a través do Decreto 88/2013, do 30 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia, núm. 113, do 14 de xuño de 2013.

Nese decreto queda recollida a supresión da Secretaría Xeral para o Turismo, prevista no Decreto 234/2012, do 5 de decembro, de conformidade co que se establece na disposición adicional primeira do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos. A Axencia de Turismo de Galicia asume a partir da súa constitución efectiva as competencias atribuídas á Secretaría Xeral para o Turismo e os servizos de turismo das xefaturas territoriais.

Polo tanto, logo da publicación dese último decreto, os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia son os que se indican a seguir:

1. Secretaría Xeral da Presidencia, da que dependerá a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia.
2. Secretaría Xeral de Medios, da que dependerá a Dirección Xeral de Comunicación e á que estará adscrito o ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, en canto non se proceda a súa disolución, de acordo coa Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Na reunión do Consello da Xunta de Galicia do 29 de agosto de 2013, adoptouse o acordo polo que se designa a Televisión de Galicia, S. A. como futura Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A. Deste xeito a Televisión de Galicia, S.A. pasou a denominarse Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A. para o posterior proceso de reestruturación societaria en virtude do cal Televisión de Galicia S.A. absorbe Radiotelevisión de Galicia, S.A.

3. Secretaría Xeral da Emigración.
4. Secretaría Xeral para o Deporte.

Están adscritos á Presidencia da Xunta de Galicia, como entidades públicas instrumentais, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., a Sociedade Anónima Redes de Telecomunicacións Galegas - Retegal, a Fundación Deporte Galego e a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

As funcións dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia, segundo o establecido no Decreto 88/2013, do 30 de maio, son as que se indican a seguir:

I.- Secretaría Xeral da Presidencia

Correspóndelle o apoio e asesoramento técnico á Presidencia da Xunta de Galicia, para o que, nos asuntos xerais, actuará como órgano de comunicación coas consellerías, entidades e organismos que teñan relación coa Presidencia.

Asume, igualmente, funcións de coordinación dos órganos adscritos á Secretaría Xeral da Presidencia, sinalados no artigo único, letra a), punto 1 do Decreto 234/2012, do 5 de decembro, das actividades do Departamento de Protocolo e Relacións Públicas da Presidencia da Xunta e da Casa de Galicia en Madrid, dos asuntos administrativos xerais da Presidencia da Xunta e da elaboración dos seus orzamentos.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia, que exercerá funcións de asesoramento, asistencia e apoio técnico á persoa titular da Presidencia, tanto de índole política, destacando a preparación das súas intervencións no Parlamento de Galicia, como de índole técnica, para o que poderá solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías para facilitar a coordinación da acción do goberno.

2.- Secretaría Xeral de Medios

É o órgano superior encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual. No marco desa competencia xeral exercerá as funcións de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia; a xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, comunicación audiovisual e as referidas á publicidade recollidas no núm. 31 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia; a coordinación da política de imaxe e publicidade institucional da Xunta de Galicia; a dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e á publicidade.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación, á que lle corresponde a execución e coordinación da política informativa e de comunicación da Xunta de Galicia; a relación cos medios informativos en todas as materias de comunicación que afecten á Presidencia da Xunta de Galicia así como a coordinación da comunicación interdepartamental da Xunta de Galicia.

3.- Secretaría Xeral da Emigración

Correspóndenlle as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade; as relacións coas comunidades galegas no exterior; as políticas de emigración e retorno a Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas políticas migratorias.

Igualmente, asume as competencias que atribúe ás comunidades autónomas a Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior.

4.- Secretaría Xeral para o Deporte

Correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes. En particular, ten atribuída a execución da política deportiva de Galicia; a promoción e difusión da actividade física e do deporte; o apoio e promoción das asociacións de-

portivas; o estudo e planificación das liñas de actuación no ámbito das infraestruturas deportivas e a promoción e difusión do deporte galego nos ámbitos supraautonómicos.

En xeral, e como órgano superior da Administración da comunidade autónoma no ámbito deportivo, as funcións recollidas na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

1.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

De xeito máis concreto, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asume a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia; a promoción da inclusión e execución do despregue das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos; o impulso do desenvolvemento da sociedade da información en Galicia; a planificación e proposta da normativa en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; o impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica; a consolidación e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia e a planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

Esta axencia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Os seus obxectivos básicos consisten no desenvolvemento do turismo na comunidade autónoma baixo os principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade e seguindo parámetros de eficiencia e eficacia; na potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico; no fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial; no impulso á innovación, investigación, formación e cualificación das empresas e profesionais do sector turístico; na mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional; na diversificación da oferta turística de Galicia coa consolidación dos produtos clave para competir

no ámbito turístico nacional e internacional e a creación de novos produtos que permitan deses-tacionalizar a demanda turística e na promoción da imaxe marca-país de Galicia.

1.2.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no seu artigo 2, atribúe á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (en diante Corporación RTVG), a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Corporación RTVG é unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico e terá a forma de sociedade anónima con capital participado na súa totalidade e de forma directa pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Como entidade prestadora da xestión do servizo público de comunicación audiovisual, a Corporación RTVG, no marco dos principios inspiradores previstos no artigo 4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, levará a cabo o obxecto dese servizo.

O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canais de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinados a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega.

Esa función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de canais xeneralistas e temáticos, así como a oferta de servizos conexos e interactivos.

SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL S.A.

Os seus estatutos foron aprobados polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, que foron modificados polo Decreto 137/2010, do 5 de agosto.

No Diario Oficial de Galicia do 23 de abril de 2013 publicouse a Resolución do 9 de abril de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade Redes de Telecomunicación

Galegas Retegal, S.A., autorizada polos acordos do Consello da Xunta de Galicia do 29 de xuño de 2012 e do 7 de febreiro de 2013.

Segundo eses estatutos, Retegal terá por obxecto a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, para as que obterá os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso.

Así mesmo, terá por obxecto tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

En particular, constituirán parte do obxecto social as actividades de promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións. Igualmente, forma parte dese obxecto social a prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

No Diario Oficial de Galicia do 1 de abril de 2014, publicouse a Resolución do 13 de marzo de 2014, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

Segundo eses estatutos, esta sociedade levará a cabo as actividades dirixidas á xestión da rede de albergues da comunidade autónoma e do resto do seu patrimonio así como a coordinación de actuacións específicas relacionadas co Camiño de Santiago e a cultura xacobeá.

Máis concretamente, será o encargado da coordinación das actuacións en materia de dotacións de albergues e en materia de conservación, sinalización e recuperación do camiño e daquelas actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeá, en especial as exposicións.

Así mesmo, manterá as relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.

I.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

A Fundación Deporte Galego constituíuse pola Administración autonómica tralo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de decembro de 2000 e con escritura de constitución do 27 de abril de 2011, estando clasificada e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

Pretende o impulso e fomento do deporte e a práctica deportiva e a súa difusión entre os cidadáns, para o que leva a cabo, xa sexa de forma independente ou en colaboración con outras entidades, actividades de sustento e promoción do deporte e dos deportistas da comunidade autónoma; a xestión de instalacións deportivas de titularidade autonómica e o fomento do emprego entre os profesionais do deporte.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2015

II.1. DA CONSELLERÍA

As principais liñas de acción dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia son as que se indican a seguir:

1.- Secretaría Xeral da Presidencia

Como órgano que, con carácter xeral, asume a coordinación co resto do sector público autonómico dos asuntos relacionados coa Presidencia da Xunta de Galicia, impulsará o seguimento das actuacións dos distintos órganos da Administración xeral da comunidade autónoma e das súas entidades instrumentais para reforzar a acción coordinada do goberno galego.

2.- Secretaría Xeral de Medios

A Secretaría Xeral de Medios, durante o ano 2015, en materia de fomento do audiovisual, desenvolverá actuacións específicas de promoción do sector audiovisual e multimedia encamiñadas a potenciar actuacións de comunicación.

Polo que se refire á cobertura informativa e apoio á comunicación social levará a cabo actuacións referidas á normativa dos medios informativos e publicidade; de divulgación da acción institucional e de coordinación operativa da comunicación interdepartamental da Xunta de Galicia.

En materia de radiodifusión, levará a cabo actuacións de xestión, planificación, coordinación e asesoramento técnico dos servizos e infraestruturas de telecomunicación da Xunta de Galicia; ampliará e mellorará a infraestrutura de radio e televisión mediante novos investimentos; realizará estudos técnicos e de planificación para obter cobertura o máis ampla posible na emisión/recepción de programas de radio e televisión que dependen da Xunta de Galicia, así como aqueles estudos tendentes á mellora das infraestruturas.

3.- Secretaría Xeral da Emigración

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración abarca dous eidos distintos: a emigración e o retorno.

No primeiro deles, a emigración, incidirase na asistencia socio sanitaria ás persoas galegas residentes no exterior que se atopan en situación de precariedade, dependencia ou risco de exclusión social; no impulso aos programas relacionados coas comunidades galegas e outras entidades galegas asentadas fóra de Galicia no desenvolvemento das actividades propias, que lles permitan compartir a vida social, cultural e económica da Comunidade Autónoma de Galicia e ser tamén instrumento da sociedade galega para a súa proxección exterior, nos programas dirixidos á xu-

ventude galega para a súa incorporación no tecido asociativo das entidades galegas no exterior e, por último, no impulso á participación igualitaria das mulleres na galegitude.

En canto ao ámbito do retorno, apoiarase socioeconómicamente aos retomados a través de accións informativas, formativas e de fomento do autoemprego e a actividade emprendedora, para contribuír á súa inserción laboral.

4.- Secretaría Xeral para o Deporte

Seguindo coas liñas marcadas nos últimos anos, durante o ano 2015, as principais liñas de acción da Secretaría Xeral para o Deporte agruparanse en catro grandes áreas.

En primeiro lugar, a explotación das distintas funcionalidades do feito deportivo máis alá do deporte competitivo, con especial referencia á función sanitaria, á educativa e á económica do deporte.

Neste contexto, dende a perspectiva da promoción da saúde, continuarase co desenvolvemento do Plan Galicia Saudable e serán básicas as actuacións no ámbito escolar; as accións de fomento da práctica de actividade física dirixida a toda a poboación sedentaria ou a diversificación das unidades de promoción do exercicio creadas nos exercicios pasados no ámbito escolar e local-comunitario a outros ámbitos como o laboral e sanitario, así como a posta en funcionamento de novas ferramentas TIC para facilitar a accesibilidade da práctica deportiva por parte de toda a cidadanía.

No ámbito educativo, de forma directa ou en colaboración coas entidades deportivas de Galicia, continuarase cos programas de actuación destinados á consolidación da actividade física e o deporte entre os nosos escolares a través das actuacións encadradas na actividade física e deportiva na idade escolar (Proxecto Deportivo de Centro; Móvete+, Máis e Mellor Actividade Física; Xogade; etc.)

Na funcionalidade económica do deporte, a Secretaría Xeral para o Deporte realizará, entre outras, actuacións encamiñadas ao impulso da chegada económica do noso sector deportivo á economía galega, especialmente no ámbito do turismo, como son a realización de eventos deportivos.

En segundo lugar, o apoio ao tecido asociativo deportivo galego e aos deportistas. Neste ámbito, deben destacarse como accións básicas, o plan de axudas ás federacións, mediante a subscripción de convenios de colaboración, así como o perfeccionamento no control do seu funcionamento; o plan de axudas aos clubs e outras entidades deportivas; o desenvolvemento do deporte de alto nivel e o apoio ou organización de eventos deportivos.

Ademais, continuarase coa aposta polos centros deportivos de tecnificación e alto nivel en Galicia -Centro Galego de Tecnificación Deportiva, o Centro de Vela de Vilagarcía e a Pista de

Piragüismo de Berducido- como pezas claves no crecemento da alta competición do deporte de Galicia.

En terceiro lugar, seguirase co desenvolvemento normativo da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

En cuarto lugar, a mellora do mapa de infraestruturas deportivas de Galicia, tanto propias como de terceiros. Neste campo, continuarase coa optimización do mapa de infraestruturas deportivas da comunidade autónoma, realizándose as actuacións en colaboración coa Sociedade Pública de Investimentos de Galicia.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

As actuacións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia enmarcaranse nas liñas de traballo e eixos que se recollerán na nova Axenda Dixital de Galicia, cuxa aprobación está prevista para o primeiro trimestre do ano 2015.

Esas liñas de acción son as seguintes:

1. Consolidar un sector TIC competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado que contribúa a facer do sector tecnolóxico un dos motores de especialización da economía galega.
2. Incrementar a competitividade das empresas galegas fomentando a integración das tecnoloxías na súa actividade empresarial.
3. Modernizar as infraestruturas da Xunta, mellorando as mesmas e a súa xestión, establecendo unha política tecnolóxica corporativa en materia de telecomunicacións.
4. Impulsar medidas que faciliten a implantación de operadores con interese en investir no despregamento de infraestruturas en Galicia.
5. Asegurar un despregamento de infraestruturas baseado na eficiencia e cooperación, derivados dunha visión global das infraestruturas existentes e da coordinación de todos os axentes implicados.
6. Fortalecer as competencias dixitais para aumentar a empregabilidade dos cidadáns galegos e diminuír a fenda dixital.
7. Homoxeneizar os sistemas de xestión TIC da Xunta, de maneira que cada unha das dependencias con responsabilidade de xestión en sistemas TIC poida funcionar de xeito coordinado, baixo unhas directrices operativas e estratéxicas unificadas.

8. Garantir a eficiencia no emprego dos recursos públicos e a mellora na calidade do servizo a través da racionalización da contratación e uso dos servizos de mantemento e soporte.
9. Incluír as TICs en todos os ámbitos dos servizos públicos mediante o desenvolvemento da administración electrónica e o e-goberno.

Estas liñas de traballo están en directa relación coa execución do Plan de Modernización da Administración Pública; o Plan Director de Seguridade da Información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Plan Director de Telecomunicacións para o despregamento da banda larga en Galicia; o Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de Xustiza en Galicia; o Proxecto Abalar; o Plan de Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais de Galicia: Plan Trabe e o Plan de Inclusión Dixital.

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

As actuacións da Axencia de Turismo de Galicia no ano 2015 centraranse no desenvolvemento das seis liñas de acción especificadas no Plan Integral de Turismo de Galicia 2014-2016, que desenvolve a planificación turística para Galicia nos vindeiros tres anos e constitúe a folla de ruta específica e diferencial para o sector turístico, coa visión de ser un plan para dinamizar o conxunto da economía de Galicia, mellorando a creación de emprego e a potenciación da competitividade deste sector estratéxico para a economía galega.

Desenvolverase o Plan Director do Camiño de Santiago que contribúa á mellora do mesmo ao longo de todas as súas rutas, adaptando medidas específicas para cada unha delas e definindo directrices que contribúan á mellora de aspectos ambientais, á xestión de fluxos, á mellora dos trazados e da sinalización, á mellora dos servizos turísticos. O Camiño de Santiago é o recurso máis senlleiro e identitario de Galicia, é o símbolo do destino. O Camiño de Santiago sitúa Galicia no mundo e atrae cada ano a miles de peregrinos nacionais e internacionais.

No 2015 continuarase co desenvolvemento de produtos turísticos especializados dirixidos a segmentos de público específico: rede de turismo urbano, de patrimonio industrial, de turismo náutico, turismo cultural e turismo de golf así como no desenvolvemento e promoción de produtos turísticos emerxentes como turismo idiomático ou turismo sanitario, que axudan á desestacionalización da oferta turística convencional sen obviar a mellora e dinamización dos dez produtos cabeceira da marca.

Prestarase especial atención ao desenvolvemento do Plan de Turismo termal e o fortalecemento, complementariedade e promoción da oferta de turismo rural vinculado á natureza e á cultura.

O criterio da sostibilidade será fundamental á hora de deseñar, desenvolver e poñer en marcha proxectos e produtos turísticos, promovendo produtos turísticos dirixidos especialmen-

te ao público máis concienciado cos valores sostibles, nos que a experiencia turística global sexa respectuosa co medio contribuíndo á imaxe de Galicia como un destino sostible.

O fomento do talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías para acadar un sector competitivo e un destino intelixente é outro dos obxectivos do 2015. Para iso deseñárase un plan de formación específico para o sector turístico, pilotado polo Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG), no que se fará especial atención á aplicación das TIC na xestión das empresas turísticas, e desenvolverase o programa de Escola de Turismo Itinerante, ademais de obradoiros de formación.

Tamén se seguirá co desenvolvemento da Plataforma tecnolóxica de Turismo de Galicia: Smart Turismo na que se inclúe o Smart Camiño e o impulso á creación de destinos intelixentes: Smart Destinations.

A promoción e comercialización de Galicia como destino único estará baseado nun modelo á demanda e na promoción unificada da marca Galicia a través de prescriptores, mellorando os servizos de intermediación, tanto a nivel receptor como a nivel emisor, atraendo novos públicos nacionais e internacionais en colaboración con outros operadores especializados.

Lanzaranse campañas específicas dirixidas á captación de turismo internacional e á mellora do posicionamento do destino e a marca noutros países.

O desenvolvemento turístico de calquera destino débese apoiar na cooperación público - privada. Por iso, fomentárase a mellora do fluxo de comunicación entre ambos sectores e potenciárase as iniciativas que contribúan á cooperación, tanto a través de convenios con deputacións e concellos para a promoción conxunta como co Clúster de Turismo.

Ademais, seguirase a actualizar a normativa existente en materia turística co fin de favorecer o emprendemento e a competitividade das empresas favorecendo o establecemento de comisións de traballo interadministracións temáticas entre axentes públicos das distintas administracións.

II.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

A xestión da Corporación RTVG para o exercicio 2015 sitúase nun contomo no que en aplicación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia prevese a unificación do ente e as sociedades, así como de distintos aspectos que terán incidencia, entre outros, nos principios xerais, natureza e réxime xurídico, organización da

corporación e réxime económico. Con data 20 de decembro de 2013 formalizouse, mediante escritura pública, a fusión por absorción da entidade “Radiotelevisión Galicia, S.A.U.” (“RG, S.A.”) por parte da entidade “Televisión de Galicia, S.A.U.” (“TVG, S.A.”) mediante a cal esta última adquiriu, por sucesión universal, a totalidade dos dereitos e obrigas de primeira, que quedou extinguida o día 31 de decembro de 2013, data de inscrición da mencionada escritura de fusión no Rexistro Mercantil.

Na actualidade as entidades que prestan o servizo público de radio e televisión na comunidade autónoma son a CRTVG e a TVG, S.A.

Neste contexto a provisión do servizo xira, entre outras, arredor das liñas de acción seguintes: a preservación da esencia dos valores fundacionais e o seu acoplamento ás necesidades emerxentes da sociedade actual; a adaptación ás novas demandas e formas de consumo dos cidadáns; a reconversión tecnolóxica e organizativa para atender á converxencia de usos; as necesidades de financiamento e as formas máis eficientes de gobernanza en clave de sostibilidade; e a transparencia na rendición de contas para incrementar a confianza e a credibilidade social dos medios de comunicación audiovisual de Galicia.

A Corporación RTVG, para o desenvolvemento e consecución dos seus obxectivos estratéxicos e das misións de servizo público que ten encomendadas na actualidade, actuando baixo o obxectivo de rendibilidade social e eficiencia económica, desenvolverá no ano 2015 as seguintes liñas de acción: promover os principios de programación sinalados na súa lei de creación nomeadamente a promoción e difusión da cultura e lingua galega, así como a defensa da identidade de Galicia; dinamizar a produción audiovisual propia de Galicia; avanzar na proxección de Galicia cara ao exterior ofrecendo programación, emisións e información de calidade; procurar o desenvolvemento da sociedade da información, estendendo o uso das novas tecnoloxías na produción e difusión de programas de comunicación audiovisual e, por último, avanzar cara a un novo modelo de distribución de contidos.

A nivel operativo as actuacións sitúanse en avanzar no proceso transformador recollido na Lei 9/2011, cara a mellorar a organización e a competitividade das súas estruturas integradas co fin de contribuír á creación dunha nova corporación máis lixeira, flexible, moderna e dinámica que presta máis e mellores servizos con menos custo, nun contorno de xestión cada vez máis competitivo e cambiante.

Noutro contexto, a Corporación RTVG continuará co seu esforzo de lograr unha posición de equilibrio orzamentario e de avanzar cara un modelo de eficiencia na xestión orientado á optimización dos ingresos.

SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL S.A.

As liñas de actuación da sociedade Redes de Telecomunicacións Galegas para o ano 2015 estarán dirixidas, entre outras, á consolidación do seu papel como operador neutro na comunidade autónoma, obxectivo estratéxico, aproveitando para elo entre outras as infraestruturas despregadas ao amparo do Plan de Banda Larga 2010 – 2014 da Xunta de Galicia, contribuíndo deste xeito á potenciación e extensión e homoxeneización territorial dos novos servizos da sociedade da información en Galicia.

No vindeiro 2015, RETEGAL asumirá a xestión e operación da rede dixital de comunicacións móbiles de emerxencia da Xunta de Galicia, despregada ao longo de 2014 nas infraestruturas xestionadas por RETEGAL que, á súa vez, participou na coordinación e xestión da instalación e posta en servizo.

Como consecuencia do concurso público licitado pola AMTEGA para a dotación de recursos de rede e infraestrutura á Rede Corporativa de Comunicacións da Xunta de Galicia, que interconecta ás distintas unidades administrativas e centros dependentes da Xunta de Galicia e os seus organismos, RETEGAL realizou unha oferta pública, coa finalidade de que os operadores interesados en presentar ofertas ao referido concurso, puideran acceder en igualdade de condicións ás infraestruturas e servizos de conexión que RETEGAL pode ofrecer coa capacidade excedente da súa rede de telecomunicacións. No caso de que o adxudicatario do devandito concurso decida contratar estes servizos, RETEGAL deberá prestalos durante o ano 2015.

No ámbito da radiodifusión, unha das principais unidades de negocio de RETEGAL, a compañía a máis de manter os servizos institucionais, radio e televisión autonómica, ten como obxectivo a prestación de novos servizos de TDT e difusión sonora en FM derivados dos últimos concursos e adxudicacións da Xunta de Galicia. Sen esquecer a mellora e optimización das redes e o desenvolvemento de novos servizos de valor engadido sobre as emisións existentes.

No ano 2015, RETEGAL continuará co plan de mellora da eficiencia enerxética das súas infraestruturas, plan que ten dúas liñas de actuacións: o deseño e mellora de sistemas de refrixeración e ventilación e a instalación de equipamento de maior rendemento enerxético.

Así mesmo, RETEGAL manterá a súa participación en proxectos de desenvolvemento tecnolóxico como Videoguard.

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, para o ano 2015, continuará a liña de dotación e conservación da rede de albergues públicos; de mantemento, conservación, sinalización e mellora dos trazados dos distintos Camiños de Santiago; de renovación das liñas de

colaboración coas asociacións que traballan pola difusión e promoción do Camiño de Santiago e de coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeá.

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

A través da Fundación Deporte Galego, e para intentar acadar un incremento na participación dos cidadáns nas actividades e na práctica deportiva da comunidade autónoma así como dar un apoio ao deporte galego do máis alto nivel, realizaranse, durante o ano 2015, actuacións que se engloban en tres grandes grupos.

En primeiro lugar, o apoio ao deporte de alto nivel, que se realizará a través de contratos de patrocinio cos clubs galegos de alta competencia; das axudas aos deportistas de alto nivel e do patrocinio para a organización de eventos deportivos relevantes de carácter autonómico, nacional e internacional a celebrarse en Galicia.

En segundo lugar, o deseño de programas deportivos e físico-deportivos nas instalacións xestionadas tanto directamente pola propia fundación como por empresas concesionarias.

En terceiro lugar, dende a perspectiva da promoción da saúde continuarase, en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte, co desenvolvemento do Plan Galicia Saudable principalmente no ámbito educativo e no ámbito local-comunitario, mediante o deseño e implantación de innovadoras ferramentas TIC para facilitar a accesibilidade da práctica deportiva por parte de toda a cidadanía e mediante o desenvolvemento de accións de fomento da práctica de actividade física dirixida a toda a poboación sedentaria ou a diversificación das unidades de promoción do exercicio creadas nos exercicios pasados no ámbito escolar e local-comunitario a outros ámbitos como o laboral e sanitario.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 111A - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese garantir que a actividade singular da Presidencia da Xunta de Galicia se preste en condicións eficientes e asegurando a execución dos compromisos cos distintos axentes cos que se establecen relacións de interacción.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten un importante carácter intrínseco á propia actividade da persoa titular da Presidencia da Xunta, no que se refire ás súas relacións institucionais e protocolarias, e ao funcionamento normal e diario das unidades administrativas adscritas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como xa se indicou, este programa ten un marcado carácter de apoio á actividade do Presidente da Xunta de Galicia, polo que nel se recollen basicamente gastos de funcionamento que sustentan esa actividade. Paulatinamente, na senda da contención do gasto corrente que marca a actuación do goberno galego, este programa ten visto minoradas as súas consignacións orzamentarias, sen que isto teña interferido no normal funcionamento das unidades administrativas ás que lles dá soporte orzamentario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento deste programa ten a súa base, primeiramente, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

En desenvolvemento das previsións contidas nesa lei, dítanse os oportunos decretos de estrutura. Na actualidade, o Decreto 234/2012, do 5 de decembro, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Igualmente, debe sinalarse o Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é actuar como soporte orzamentario da actividade singular da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia así como das unidades administrativas que apoian directamente esa actividade, dun xeito eficiente e menos gravoso para as finanzas autonómicas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Presidencia

III.1.2. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa inclúe actuacións de apoio aos cidadáns galegos residentes no exterior e ás comunidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que estes participen e compartan da vida social e cultural e económica de Galicia, e contribuír á mellora do seu benes-

tar e calidade de vida. Así mesmo, a través deste programa desenvólvense accións encamiñadas á procura da integración social e á inserción laboral do colectivo de emigrantes e retornados na nosa sociedade.

Trátase de asegurar unha vida digna aos galegos e galegas residentes no exterior, así como aos fillos/as destes con nacionalidade española, e vinculados a algún dos concellos de Galicia. A maior parte deste colectivo sitúase nos países latinoamericanos, cuxa situación socioeconómica tomou nas últimas décadas cara unha senda de carácter negativo, o que deu lugar a unha grande inseguridade, cando non ausencia, de sistemas de protección social en xeral dos colectivos máis desfavorecidos en particular.

Polo que se refire ás comunidades galegas como entidades asociativas asentadas fóra do territorio de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten como tarefa fundamental a súa preservación. Neste senso, é necesario prestar apoio ás actuacións que realizan estas entidades nas áreas sociais, asistenciais, formativas, culturais, informativas, de xuventude, así como contribuír á promoción e sustentabilidade do patrimonio de valor histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico creado polas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia ao longo da súa historia.

No ámbito do retorno, cómpre promover medidas de apoio nós eidos educativo, laboral e social que favorezan o retorno a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e facilitar a súa integración na sociedade galega; en especial a Secretaría Xeral da Emigración considera de interese apoiar o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes retornadas e dos seus familiares.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración recae sobre o colectivo dos cidadáns residentes no estranxeiro que constitúe a emigración galega, do que unha grande cantidade forma parte dalgunha das entidades galegas que teñen recoñecida a galegitude ou a condición de centro colaborador ou de institucións e asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas que radican fóra de Galicia, en número aproximado de 491 institucións e asociacións independentemente da súa categoría.

Polo que se refire ao ámbito do retorno, a nosa comunidade autónoma segue ocupando un lugar destacado a nivel estatal en canto ao volume de persoas retornadas, situándose entre as seis primeiras, segundo as cifras do INE (Instituto Nacional de Estatística). Así mesmo, destas estatísticas despréndese que, en canto á idade, o grupo maioritario de persoas retornadas sitúase dentro do tramo en idade laboral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na análise dos datos da presenza da cidadanía galega no exterior que achegan os sistemas estatísticos español, a través do INE e o galego, a través do Instituto Galego de Estatística (IGE),

sinalan un incremento dos galegos residentes no exterior de 103.226 persoas para o período 2009-2014, con datos a 1 de xaneiro de cada ano.

Estes datos no detalle de nivel rexional e dos estados con maior presenza de cidadáns galegos revelan que é o continente americano o que, en cifras totais e proporcionalmente, amosa un maior incremento da cidadanía galega no exterior (91.645 novos cidadáns, +32,42% de incremento) fronte a Europa (8.257 novos cidadáns, +8,84% de incremento). Este forte incremento dos cidadáns galegos residentes no exterior en América está relacionado directamente co acceso á nacionalidade española dun número moi importante de descendentes de galegos e de maneira tanxencial polo incremento natural da poboación ou pola emigración de cidadáns galegos nados nesta comunidade autónoma e desprazados aos países americanos.

Outro dato significativo relativo á cidadanía galega en América, nacida en Galicia, é o envellecemento da poboación. Fronte ao 22,9% que supón a porcentaxe de galegos maiores de 65 anos que viven na nosa comunidade autónoma, no ano 2012, as porcentaxes desta franxa de idade, dos galegos orixinarios de Galicia, nos países americanos son moi superiores, dende o case 90% de Cuba ao 30,21% nos Estados Unidos de América.

Dende o inicio da segunda metade do século XX, Latinoamérica iniciou un camiño de deterioro dos seus sectores produtivos ocasionado por distintos factores políticos, sociais e económicos, que deixou como consecuencia o paulatino empobrecemento de amplas capas sociais e a diminución dos sistemas de protección social naqueles países nos que estaban desenvolvidos.

Esta situación de precariedade socioasistencial dos emigrantes galegos e dos seus descendentes directos vén sendo paliada por distintos programas de axudas dende a Secretaría Xeral da Emigración, executado en dúas grandes liñas: axudas directas para atender a individuos con carencia de medios que dean lugar a situación de exclusión social e axudas ás comunidades galegas que dispoñen de centros de atención para os colectivos de emigrantes, co obxectivo de protección socio sanitaria e con carácter de beneficencia.

As debilidades deste programa veñen xeradas pola situación na que se vive nos países de residencia e a imposibilidade de actuar directamente sobre ela. Por outro lado, a idade media do colectivo que se pretende atender dificulta medidas de retomo ou de mellora na promoción laboral. Así mesmo, o acceso de segundas e terceiras xeracións á xestión dos grandes centros de beneficencia levantados polos galegos de orixe e nos que, cada vez máis, teñen acceso persoas non vinculadas con Galicia, deriva nun menor compromiso de asistencia ao colectivo orixinario. Todos estes factores conflúen para derivar nun gran número de persoas con necesidades socio-sanitaria e de asistencia.

A Galicia exterior actual é multicultural: a integración social das primeiras xeracións, sumada á formación e educación das segundas e terceiras xeracións plenamente integradas nas sociedades de acollida, achéganos unha base demográfica de poboación galega e descendentes con contribucións culturais de países moi variados. Esta riqueza cultural, social e económica é un valor

que é necesario incorporar ás entidades galegas do exterior, como vínculo que fortaleza os lazos vitais, culturais e sociais coa Galicia territorial.

A fortaleza deste programa é a grande vinculación afectiva que manteñen os emigrantes con Galicia: unha rede de sociedades e comunidades espalladas por todo o mundo, fundamentalmente en América, que contan a maior parte deles con servizos de protección (sanitarios, residencias de anciáns, centros de día...) e o carácter de solidariedade e beneficencia cos seus paisanos máis desfavorecidos dos seus fundadores, que aínda perdura. A Secretaría Xeral da Emigración actúa complementando a tarefa que eles mesmos desenvolven.

Un factor que incide positivamente neste programa de gasto é a globalización que nos ofrece a realidade actual da sociedade, a través da poboación galega residente en todos os países que conforman a Galicia exterior, que nos permitirá o impulso de actividades de carácter económico-empresarial que fomenten o desenvolvemento e a proxección económica de Galicia no ámbito internacional.

Outra característica apreciable da emigración galega é a súa vontade de retorno. Este feito condiciona que grande parte deste colectivo manteña os vínculos sociais e culturais con Galicia, e demande un apoio por parte da nosa comunidade autónoma á hora de planificar o seu retorno.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude.
- Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior.
- Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e ditadura.
- Decreto 66/2014, do 23 de maio, polo que se regula o recoñecemento e revogación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galegitude, o Rexistro da Galegitude e o seu funcionamento.
- Plan Integral da Emigración 2014 - 2016.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Unha das finalidades do programa da Secretaría Xeral da Emigración é asegurar unha vida digna ás persoas galegas residentes no exterior, e aos/ás fillos/as destes con nacionalidade española; en condicións de protección o máis similares posibles ás que gozan os residentes en Europa. Os resultados pretendidos son fundamentalmente paliativos e temporais, polo carácter asistencial e individual do programa na súa modalidade de cobertura socio-asistencial ao colectivo da emigración galega.

A Secretaría Xeral da Emigración instrumentará as medidas de apoio e de colaboración naquelas accións promovidas polas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia que persigan a mellor integración e participación dos cidadáns galegos residentes no seu ámbito de actuación,

sobre todo da xuventude galega no exterior, para contribuír así a unha renovación dos órganos de representación da colectividade galega que redunde nunha eficaz preservación e autoxestión das entidades galegas asentadas fóra de Galicia.

Así mesmo, fomentar o coñecemento e a difusión da cultura galega a través do desenvolvemento de accións e actividades culturais nas diferentes entidades e centros galegos no exterior.

En canto ao eido do retorno, a Secretaría Xeral da Emigración, no ámbito das súas competencias, desenvolverá actuacións específicas nos eidos educativos, laboral e social, para facilitar o regreso e a integración social da cidadanía galega retornada.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades propias do programa están dirixidas á procurar o benestar e calidade de vida da cidadanía galega no exterior, das súas comunidades galegas e o apoio ás persoas que retornen á nosa comunidade autónoma.

Das cifras do Instituto Nacional de Estatística (INE) relativas ao Padrón de Españos Residentes no Estranxeiro (PERE) –datos a 1 de xaneiro de 2014- e ao Padrón Continuo a 1 de xaneiro de 2013 -datos a nivel nacional-; extráese que este colectivo está integrado por un 52% de mulleres sobre unha cifra global de 834.719 persoas, polo que os programas da Secretaría Xeral da Emigración están destinados a máis beneficiarios potenciais mulleres ca homes.

Nesta liña de actuación, a Secretaría Xeral da Emigración inclúe un programa específico nas axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas e retornadas para atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero e á súa familia.

Polo que se refire ao ámbito do retorno, a estatística de variacións residenciais de 2013, segundo as fontes do INE, indica que retornaron a Galicia un 47% de mulleres sobre a cifra total de poboación emigrante retornada á nosa comunidade autónoma.

Fomentárase o apoio ás mulleres galegas que retornen a Galicia para o seu autoemprego e iniciativas emprendedoras no mercado laboral, que faciliten a súa integración sociolaboral.

En canto á achega da muller galega nunca foi suficientemente recoñecida nin tivo a súa plasmación na participación das mulleres –salvo contadas ocasións- na vida directiva das institucións galegas no exterior. É por iso que un dos principais obxectivos desta secretaría xeral é promover a integración e participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior –especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección; se ben estes potenciais axentes son soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, recolle expresamente as actuacións no ámbito da igualdade de xénero entre as mulleres e os homes galegos residentes no exterior, e instrumentará as medidas de apoio ás comunidades galegas e aos centros colaboradores da galegitude para este fin.

O Plan Integral de Emigración 2014-2016 inclúe nas súas liñas de actuación unha área específica destinada á muller, co obxectivo de promover en coordinación coas comunidades e entidades galegas no exterior, a realización de congresos nas principais áreas xeográficas de residencia de poboación galega no exterior, e utilizar as conclusións destes congresos para a aplicación de políticas de igualdade e participación da muller no ámbito da galegitude.

No que se refire ao órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, na actualidade inclúese un representante do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de muller e igualdade. Na actual Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, é significativa a presenza de dúas mulleres en representación das directivas das institucións do exterior neste órgano colexiado da emigración, facendo visible á muller no ámbito da diáspora.

As actuacións do programa orzamentario mediranse con indicadores asociados desagregados por sexo, e aqueles que incorporan a perspectiva de xénero: número de congresos, número de obradoiros con contidos de igualdade; número de mulleres retornadas participantes en accións de formación; número de mulleres vítimas beneficiarias das axudas; porcentaxe de mulleres e homes nos órganos de decisión das comunidades galegas no mundo e porcentaxe de mulleres e homes que participan nas accións formativas, culturais e de reencontros no ámbito da emigración galega.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

No desenvolvemento das actuacións encadradas neste programa de gasto, promoverase a igualdade entre homes e mulleres, fomentando a eliminación de calquera forma de discriminación e irán destinadas a toda a sociedade.

PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLE- RES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Estímase que coas actuacións deseñadas dende a perspectiva de xénero, se avance cara a unha diminución da fenda de xénero na participación das mulleres das comunidades galegas no exterior nos órganos de decisión das asociacións deste ámbito e nos lugares nos que residen, así como unha repercusión no retorno das mulleres galegas a través das accións de formación, información e inserción laboral na nosa comunidade autónoma.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Emigración

III.1.3. PROGRAMA 432C - FOMENTO DO AUDIOVISUAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa destínase á realización de actuacións dirixidas a fomentar a promoción e difusión da multimedia e dos servizos de comunicación audiovisual.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións deste programa van dirixidas a empresas e á poboación en xeral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector audiovisual está a configurarse como un pilar importante de difusión da cultura e sociedade en xeral, polo que debe ser obxecto da correspondente promoción, a través das canles de comunicación existentes.

Por outra parte, os avances tecnolóxicos obrigan aos distintos sectores implicados no proceso (administración, empresas, poboación en xeral) a manter actualizados os seus contidos audiovisuais e multimedia, polo que se considera necesario realizar actuacións dirixidas ás empresas e colectivos para que poidan adaptarse ás novas esixencias tecnolóxicas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia

- Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa de fomento do audiovisual e multimedia está relacionada coa relevante notoriedade e influencia que o sector da imaxe ten sobre a sociedade actual, dado que actúa como instrumento de comunicación dos contidos de carácter cultural, social e económico. Por isto, as actuacións da Secretaría Xeral de Medios están encamiñadas a potenciar os sectores audiovisual e multimedia, fomentado a promoción e difusión da multimedia e dos servizos de comunicación audiovisual.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A presenza das mulleres no sector é escasa, con grandes desigualdades na industria audiovisual, polo que se traballa de cara a promover a participación da muller nestes ámbitos co obxectivo de acadar un sector audiovisual plural e igualitario en materia de xénero e fomentar unha imaxe máis real, non sesgada e alexada de estereotipos sexistas.

As actuacións que se poidan desenvolver neste programa non inciden de xeito importante na perspectiva de xénero, polo que non se identifican obxectivos que repercutan no dito ámbito.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

III.1.4. PROGRAMA 441A - PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A actuación da Secretaría Xeral para o Deporte ten como fío condutor o fomento da práctica do deporte e da actividade física na Comunidade Autónoma de Galicia, entendido este como elemento imprescindible para a calidade de vida da cidadanía galega, así como o crecemento do deporte en Galicia e o desenvolvemento do seu tecido deportivo, a través da coordinación institucional e cuns claros obxectivos en materia de saúde, benestar e actividade física, infraestrutura deportiva e apoio ao tecido deportivo.

A explotación das funcionalidades do deporte, xeralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá da cidadanía; a mellora e dotación de novas infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte son, entre outros, obxectivos prioritarios deste programa.

Os beneficios que se esperan acadar na execución deste programa atópanse ligados ás necesidades existentes no actual ámbito deportivo galego: aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, o incremento da calidade de vida da cidadanía mediante a práctica do deporte e da actividade física, e crecemento deportivo de Galicia, mediante o apoio ao tecido deportivo galego e, afectando e con incidencia en ámbolos dous obxectivos, a realización dunha axeitada política e dotación de infraestruturas deportivas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo afectado pola actividade da Secretaría Xeral para o Deporte, e máis en concreto por este programa, é a sociedade galega globalmente considerada (principalmente en canto ao obxectivo prioritario da xeneralización da práctica da actividade física) e o tecido deportivo galego (no tocante á práctica deportiva e ao deporte de competición) sen esquecer, entre outros, ás entidades locais principalmente no referido a infraestruturas deportivas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Segundo a enquisa de hábitos deportivos dos españois (CSD 2010), practican deporte na nosa comunidade autónoma un 32% da poboación. Por outra banda, atendendo á enquisa nacional de saúde 2011/2012, o 59,71% dos galegos e galegas de 18 e mais anos teñen sobrepeso ou obesidade (fronte ao 53,68% da media nacional), e o 34,64% dos galegos e galegas de entre 2 e 17 anos teñen sobrepeso ou obesidade (fronte ao 27,82% da media nacional).

No ano 2013 realizouse a enquisa sobre “Hábitos de actividade física e deportiva da poboación galega” elaborada en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Segundo os resultados da dita enquisa, sete de cada dez galegos maiores de 18 anos practica exercicio habitualmente, nunha porcentaxe case 16 puntos superior á do 2007, ano no que se fixera un estudo de equivalentes características. A porcentaxe de práctica de exercicio físico é bastante similar entre as catro provincias galegas, mentres que se continúa a apreciar unha certa diferenza entre sexos. Así, hai unha maior porcentaxe de homes (74%) que de mulleres (68%) que realiza actividade física, pero esa distancia acurtouse en case dous puntos desde 2007. Desde entón, aumentou nun 14,8% a porcentaxe de homes que fai exercicio e nun 16,8% a de mulleres.

Débase tamén significar que a actividade deportiva ten como elementos básicos para unha axeitada evolución aos clubs e federacións. Na actual conxuntura considérase esencial manter o apoio a través de liñas de subvención para a actividade tanto dende a perspectiva das persoas xurídicas como dende a perspectiva do deportista persoa física.

As actuacións anteriores complementáanse coa implantación de infraestruturas deportivas, principalmente naqueles concellos onde a súa carencia impide a realización da práctica deportiva dunha maneira continuada e estruturada.

O anteriormente exposto configura unha serie de actuacións interrelacionadas que buscan acadar un obxectivo único que non é outro que o incremento da calidade de vida da cidadanía mediante a práctica do deporte e a actividade física.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A norma pola que se regula a actividade deportiva en Galicia é a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

En desenvolvemento da dita lei, aprobáronse o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva e o Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Ademais atópanse en vigor o Decreto 228/1994, do 18 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas e a Orde do 28 de xullo que o desenvolve.

Así mesmo, o Decreto 82/1983, do 21 de abril, crea o rexistro de clubs, federacións e entidades deportivas, desenvolvido pola Orde do 17 de maio de 1983. Esta normativa, en vigor no que non se opoñan á Lei 3/2012, será substituída pola que se promulgue con motivo da nova norma legal.

Por último, cómpre indicar o Plan Galego de Fomento da Actividade Física “Galicia Saudable”.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para conseguir os obxectivos perseguidos con este programa, actuarase en catro grandes aspectos.

En primeiro lugar, na execución do Plan Galego de Fomento da Actividade Física “Galicia Saudable” continuarase o iniciado nestes exercicios precedentes, desenvolvendo actuacións que dinamicen a práctica da actividade física entre toda a poboación galega nos diferentes ámbitos establecidos no plan, especialmente xerando novedosas ferramentas TIC para facilitar a accesibilidade da práctica por parte de toda a cidadanía.

En segundo lugar, no apoio ao tecido deportivo galego e aos deportistas, estableceranse plans de axudas económicas ás federacións deportivas, aos clubs e outras entidades deportivas; traballarase en medidas de apoio aos deportistas de alto nivel; na promoción do deporte en idade escolar e no impulso dos programas de tecnificación deportiva, especialmente con vistas ás grandes citas competitivas internacionais e os Xogos Olímpicos e Paralímpicos de Río 2016.

En terceiro lugar, na mellora do mapa de infraestruturas deportivas galegas continuarase a optimización da rede actual e investirase na construción de novas infraestruturas.

Por último, seguirase traballando na adecuación da normativa actual á realidade do deporte galego, avanzando no desenvolvemento regulamentario da Lei do deporte de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Con incidencia no campo da práctica de actividade física e do deporte federado (e de alto nivel), os programas de Galicia Saudable, ou do deporte escolar (XOGADE), os contratos de patrocinio aos clubs de alto nivel, as actuacións de aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, ou as axudas aos deportistas galegos de alto nivel, serven, dende unha perspectiva e deseño mixto, para crecer en igualdade. Así o amosan os indicadores, especialmente significativos nos contratos de patrocinio e nas axudas a deportistas de alto nivel.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Entre outras actuacións, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego realizan dúas actividades que provocan un importante impacto no deporte desenvolvido polas mulleres:

- a) Os contratos de patrocinio aos clubs galegos de alto nivel, que seguirán a ser unha das actividades prioritarias deste departamento e da fundación no 2015. Na tempada 2013/2014, resultaron beneficiarios 40 equipos femininos (fronte aos 36 da tempada anterior) e 9 mixtos (fronte aos 17 da tempada 2012/2013), fronte aos 43 masculinos (que no 2012/2013 foron 31). A este respecto é importante salientar que na tempada 2012/2013, en cómputo global, os equipos patrocinados foron 84, mentres que na tempada 2013/2014 serán 92, producíndose un incremento dun 10%.
- b) Axudas aos deportistas galegos de alto nivel, onde no 2013 resultaron beneficiarias 59 deportistas (fronte ás 51 da edición de 2012), resultando unha dotación de 108.565 € (o 36,19% da dotación económica do programa).

Ambas actuacións fomentan a participación activa das mulleres no deporte, fortalecendo a súa imaxe na sociedade.

PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

No exercicio 2015, prevese seguir incrementando o número de beneficiarias nos programas antes referidos o que, en todo caso, virá supeditado á consecución dos parámetros e resultados obxectivos, de marcas deportivas acadadas.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral para o Deporte

Fundación Deporte Galego

III.1.5. PROGRAMA 461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa serve de apoio aos medios de comunicación, a través de proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios, a promoción dos valores e a imaxe de Galicia e a divulgación da acción institucional da Xunta.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido fundamentalmente ás empresas xornalística e de radiodifusión, así como ás universidades.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os medios de comunicación constitúen un dos elementos básicos da promoción dos valores e a imaxe de Galicia, das súas institucións e da lingua e cultura galega.

Considérase fundamental que o sector dos medios informativos e de comunicación teñan a mellor capacidade para desenvolver as súas potencialidades nun sector extremadamente cambiante e dinámico e, polo tanto, as actuacións da Xunta de Galicia van encamiñadas a favorecer un marco xurídico, económico e social que permita aos medios de comunicación exercer as súas actividades eficaz e eficientemente, e máis tendo en conta a difícil situación económica actual.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 14/1966, do 18 de marzo, de prensa e imprenta, e as sucesivas modificacións.
- Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e as sucesivas modificacións.
- Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa orzamentario basicamente está enfocado á cobertura informativa da actividade institucional da Xunta de Galicia, así como á difusión dos valores e a imaxe de Galicia a través de accións promocionais de alcance xeral.

Nesta actividade, a Secretaría Xeral de Medios, xa incorpora a perspectiva de xénero. Por unha banda, nos convenios que asina este órgano superior establécese unha cláusula de obrigado cumprimento que elimina os anuncios que poidan supoñer unha imaxe negativa ou discriminatoria das mulleres.

Por outra banda, na programación anual de campañas realízanse actuacións que promoven a igualdade de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Dentro da programación anual de campañas, cabe salienta a campaña “Dia da Muller”, que está destinada principalmente á sensibilización e educación co fin de potenciar a igualdade de mulleres e homes.

Tamén se desenvolve a campaña “Día contra a violencia de xénero”, destinada principalmente á sensibilización e o tratamento integral de cara a erradicación da violencia sexista.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

Dirección Xeral de Comunicación

III.1.6. PROGRAMA 461B - RADIODIFUSIÓN E TVG:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa consignación orzamentaria deste programa preténdese continuar coa mellora de infraestruturas, sistemas, equipos e servizos de telecomunicacións para a radiodifusión, a televisión ou outros servizos de comunicacións oficiais, así como os servizos técnicos para o correcto funcionamento dos equipos e sistemas que integran estas infraestruturas de telecomunicacións.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Cidadáns galegos ou outros cidadáns residentes en calquera das entidades de poboación de Galicia, concellos, empresas fabricantes ou instaladoras de equipos e infraestruturas de telecomunicacións, empresas públicas de telecomunicacións.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Mediante o Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aprobou o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, a Comunidade Autónoma de Galicia puxo en marcha un plano de investimentos para o despregamento da rede de difusión e cobertura do múltiple dixital autonómico de TDT, mediante a instalación de emisores de televisión con tecnoloxía dixital en diferentes puntos da xeografía galega, co fin de acadar o 98% da cobertura poboacional galega, o que supuxo a posta en marcha de mais de 300 centros de emisión da sinal de TDT.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible, obrigaba a abandonar a banda de frecuencias de 790 a 860 MHz, utilizada polos servizos de televisión dixital terrestre, para ser utilizada por novos servizos de comunicacións en mobilidade de cuarta xeración 4G.

Todo isto supón dous novos retos para a rede dos 286 centros de extensión de cobertura de TDT, investimentos en novo equipamento e axustes necesarios para o funcionamento do servizo público de titularidade autonómica.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Terrestre.
- Plan Nacional de Transición á TDT (aprobado polo Consello de Ministros do 7/09/2007).
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación de múltiplex de TDT e a reasignación de frecuencias.
- Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o programa de desenvolvemento rural sostible.
- Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual e radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Unha vez rematada a transición da tecnoloxía analóxica á dixital, completado o primeiro proceso de liberación do dividendo dixital, faise necesario investir en novos equipamentos necesarios para o correcto funcionamento dos múltiplex dixitais de titularidade pública autonómica, conforme aos plans técnicos aprobados.

Así mesmo, no ano 2012, a Xunta de Galicia asinou un convenio co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das zonas rurais. A Secretaría Xeral de Medios executará actuacións dirixidas á adquisición de equipos de comunicacións satelital para acceso a TDT, nas zonas sen cobertura dos concellos de Lugo central, montaña lucense, depresións ourensás e terras do Sil.

A través deste programa dótase de medios económicos complementarios á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Corporación Radio Televisión de Galicia, S.A. ten un renovado compromiso empresarial na implicación e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminación indirecta por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da política corporativa e de recursos humanos, de acordo cos principios que fixan a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e as Leis autonómicas 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres e Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

A nivel operativo, as actuacións incorporan o enfoque integrado de xénero como unha intervención transversal que pretende transformar o conxunto da organización nunha estrutura máis igualitaria, que en termos de alcance, incide en tódalas áreas: programación e contidos, produción de informativos, comercial e publicidade, recursos humanos e medios.

Neste contexto a Corporación Radio Televisión de Galicia, S.A. dispón de procesos, a nivel de soporte, para avanzar nestes obxectivos, nomeadamente a comisión de contidos e igualdade constituída no seu consello de administración e o proxecto de igualdade corporativo.

Tamén cabe sinalar que a Corporación Radio e Televisión de Galicia está representada no Observatorio Galego da Violencia de Xénero previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega

para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e regulado no Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

Un dos eixos fundamentais do seu traballo é a prevención de todo tipo de violencia machista e, por iso, ten encomendadas entre outras, a función de vixiar e denunciar que non haxa discriminación sexual na publicidade.

No seo do dito observatorio, creouse unha comisión asesora de publicidade non sexista, que velará pola eliminación do sexismo nas mensaxes publicitarias e pola incorporación de accións positivas que contribúan, dende un ámbito tan importante como a publicidade, a erradicar todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas. Neste senso, a Corporación Radio e Televisión de Galicia ten un papel destacado.

Por outra banda, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinou coa Corporación Radio e Televisión de Galicia un convenio de colaboración en materia de igualdade, dirixido a realizar accións conxuntas dirixidas á promoción da igualdade e á loita contra a violencia de xénero.

Mediante esta colaboración, preténdese reforzar a integración do principio de transversalidade de xénero na actual xeral da administración pública galega, de cara a conseguir unha maior eficiencia na intervención a favor da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, xa que, pola súa implantación en Galicia, este é o medio idóneo para a difusión das accións de información, divulgación e sensibilización dirixidas á sociedade galega en xeral.

No marco deste convenio, a Xunta de Galicia e a Corporación Radio e Televisión de Galicia promoverán grupos de traballo para o tratamento axeitado dos temas relacionados coa igualdade na súa programación, promovendo a formación en materia de igualdade entre mulleres e homes do persoal da dita sociedade.

A Corporación RTVG potenciará a visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da súa programación, empregará unha linguaxe e/ou imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade, prestando atención informativa e dando cobertura a actividades como o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero ou o Día Internacional da Muller.

Incluirase o número de teléfono de información ás mulleres nos programas, reportaxes e/ou espazos relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

III.1.7. PROGRAMA 571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En Galicia atopámonos inmersos nun proceso gradual de transición cara a sociedade da información e do coñecemento, que trae consigo unha transformación radical a nivel tecnolóxico, económico, social e político.

A pesar do esforzo realizado neste eido durante os últimos anos e da progresiva incorporación da nosa comunidade autónoma á sociedade do coñecemento, resulta evidente que aínda estamos moi lonxe da consecución dunha sociedade galega capaz de empregar as novas tecnoloxías co obxectivo de incrementar de maneira significativa os niveis de calidade de vida e benestar social da cidadanía, e a eficiencia e competitividade das nosas empresas.

Neste contexto, e dentro da estratexia do goberno galego en materia de sociedade da información, estase a elaborar a nova Axenda Dixital de Galicia, co obxectivo de maximizar o potencial social e económico das tecnoloxías da información e a comunicación como peza clave que axude a converter a economía actual nunha economía intelixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial no horizonte de 2020.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (cidadanía en xeral, administracións públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), contribuindo de xeito decisivo na xeración dunha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social cara uns maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega, ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da administración pública.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Durante os exercicios precedentes puxéronse en marcha unha serie de liñas de actuación para a promoción efectiva da Administración electrónica e da presenza da Administración pública en internet que se identifican no marco de desenvolvemento do Plan de Modernización da Administración pública e dos decretos de desenvolvemento da Administración electrónica e da ordenación da presenza da Administración pública en internet que tiveron a súa continuación no ano 2014. Durante o ano 2015, darase continuidade ao desenvolvemento e implantación da administración e goberno electrónicos, consolidando a implantación de sistemas xa desenvol-

vidos e a posta en marcha e dotación de medios para novas actividades no marco do Plan de Administracións e Goberno Electrónicos.

No eido da Administración de xustiza, no ano 2010 presentouse o Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia (Plan Senda 2014) que tenta paliar esta situación e promover a implantación efectiva das TIC neste sector. No marco deste plan, que remata en 2014, leváronse a cabo actuacións no contexto deste plan de dotación de infraestruturas, medios e posta en marcha de sistemas de información para a actividade xudicial. Debe continuarse coa evolución de sistemas cara acadar o expediente electrónico xudicial, a adecuación á Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza, e a adecuación dos sistemas de información para a implantación na nova oficina xudicial.

Por outra banda, ao comezo da execución do Plan de Banda Larga soamente un 71,8% da poboación galega contaba con cobertura de banda larga de calidade. O desigual despregamento territorial das infraestruturas que permiten dispor das novas tecnoloxías da información daba lugar a que os concellos da zona rural se visen discriminados fronte ás cidades, producíndose a "fenda dixital", que tiña como consecuencia a limitación das posibilidades de crecemento rural en canto á implantación de novos negocios e a competitividade das actividades tradicionais.

Coas actuacións postas en marcha, esta cifra aumentou ata acadar un 97%. Así mesmo, ao comezo do plan tan só o 83% dos centros de demanda da administración contaban con cobertura. Na actualidade a cobertura é de máis dun 99%. Para acadar estes avances foron postas en marcha seis actuacións: despregamento de redes fixas; despregamento de redes de nova xeración; despregamento de redes sen fíos (wimax); despregamento de redes sen fíos (3G); adecuación do operador público RETEGAL e universalización da banda larga vía satélite. Estas actuacións tiveron continuidade no 2014 para poder acadar os obxectivos e os compromisos establecidos no Plan de Banda Larga, para que o 98% da poboación poida ter acceso á banda larga coas actuacións postas en marcha e o 3% restante mediante satélite. Así mesmo, esta continuidade é necesaria para poder dotar de cobertura ao 100% dos centros de demanda da administración. No 2015 continuarase coas actuacións para o despregamento de redes ultrarrápidas para poder converxer cos obxectivos establecidos por Europa en 2020.

En canto á actual infraestrutura de telecomunicacións, na actualidade a rede corporativa da Xunta de Galicia dá servizo a máis de 3.000 centros repartidos por toda a xeografía galega. Esta dispersión fai moi complexo garantir unha equidade no servizo proporcionado, debido a que hai moitas ubicacións rurais onde non é tecnoloxicamente posible chegar co mesmo nivel de servizo que nas zonas urbanas.

Así pois, é imprescindible manter o servizo de comunicacións de datos e de telefonía para estes centros, ao mesmo tempo que é preciso acadar pouco a pouco un servizo mínimo aceptable para os centros onde a día de hoxe se chega con dificultade, o que require importantes investimentos, que son precisos para acadar unha equidade nos servizos independentemente da situación dos centros galegos.

Tamén existe unha importante heteroxeneidade dos sistemas informáticos repartidos nunha multitude de centros de proceso de datos, o que ocasiona unha gran ineficiencia, con limitacións de crecemento futuro, de dispoñibilidade, escalabilidade e seguridade. Por este motivo, durante o ano 2015 continuarase co proceso iniciado no ano 2013 de traslado do equipamento TIC e dos sistemas de información ao CPD Integral da Xunta de Galicia situado na Cidade da Cultura, sendo necesario abordar investimentos en equipamento, para realizar procesos de consolidación que permitan acadar unha maior eficiencia, e tamén para poder dar servizo con conexións de alta velocidade nos numerosos centros que na actualidade se atopan dispersos.

Finalmente, a nova Axenda Dixital de Galicia definirá a estratexia da Xunta de Galicia para dar o impulso definitivo que necesita a comunidade autónoma no que se refire ás tecnoloxías da información e a comunicación. O achegamento das distintas axudas para o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos conclúe nunha aposta decidida por impulsar o sector da economía do coñecemento e dos sectores produtivos e por potenciar a posta en marcha de actuacións en ámbitos prioritarios para Galicia como son, entre outros, a sanidade e a educación.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa orzamentario e os instrumentos de planificación sectoriais que enmarcan as distintas actuacións previstas desenvolveranse, con carácter xeral, dentro do marco establecido pola Axenda Dixital de Galicia e a Estratexia Galega de Crecemento Intelixente, nas súas diferentes liñas estratéxicas.

En concreto, a normativa legal e os instrumentos de planificación máis salientables son os seguintes:

- O Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- O Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.
- O Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.
- A Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia.
- O Plan Estratégico Tecnolóxico Global: Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, que recolle a estratexia da Xunta de Galicia no emprego das novas tecnoloxías para converter a economía actual nunha economía intelixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial.

- O Plan de Administración e Goberno Electrónicos, que dará continuidade ao Plan de Modernización da Administración Pública, baseado na posta en marcha dunha serie de proxectos destinados a potenciar o desenvolvemento dos servizos de Administración electrónica na propia Xunta e á mellora e modernización dos servizos que ofrece esta de cara ao cidadán.
- O Plan Director de Seguridade de Información 2010-2014, que mellorará a seguridade dos sistemas de información da Xunta de Galicia.
- O Plan Director de Banda Larga, que busca posibilitar o acceso á banda larga a toda a sociedade galega.
- O Plan de Sistemas de Información Senda 2014, que contempla un conxunto de actuacións vinculadas á renovación de infraestrutura, seguridade, implantación de sistemas de información e formación específica do uso das TIC neste contexto.
- O Plan de Inclusión Dixital 2014-2020 que ten como obxectivo o incremento no uso das TIC por parte da poboación galega e contribuír á diminución da fenda dixital en Galicia.
- O Plan Trabe de Modernización Tecnolóxica do Sistema de Servizos Sociais de Galicia.
- O Plan de Educación Dixital, incluído no Proxecto Abalar, de introdución do uso de contidos dixitais nos centros educativos que imparte educación infantil e primaria en Galicia.
- O Plan de Sistemas de Información Senda II, que contemplará o desenvolvemento da administración electrónica xudicial e o expediente xudicial electrónico, ademais de dar continuidade ás actuacións de infraestrutura, seguridade, implantación de sistemas de información e formación específica do uso das TIC neste contexto.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ano 2015 presentarase a Axenda Dixital de Galicia que establecerá a estratexia tecnolóxica global de Galicia de cara ao novo período de financiamento con horizonte 2020, orientada a asegurar que Galicia compite como rexión de referencia no ámbito dixital a nivel europeo, facendo un uso intelixente das novas tecnoloxías como soporte á consecución dos obxectivos sociais e económicos da comunidade.

Unha estratexia de todos e para todos que asume o desexo dun cambio cualitativo na sociedade galega e que, por tanto, construír un novo modelo de impulso para esa transformación.

Así, as actuacións da futura Axenda Dixital de Galicia 2020 articularanse, en liña co establecido na Estratexia Galega de Crecemento Dixital, en torno a cinco grandes ámbitos de actuación que se reforzan mutuamente: Administración dixital innovadora, cidadanía dixital, economía dixital, sector TIC estratéxico e infraestruturas de telecomunicación.

Co obxectivo de acadar unha administración funcionando de xeito óptimo no eido dixital, tanto na súa relación coa cidadanía como no seu propio funcionamento interno, debe continuar

o desenvolvemento da administración electrónica. Para o exercicio orzamentario do 2015, continuarase co fomento e presenza das administracións públicas na rede (autonómica, local e de xustiza). Así mesmo, desenvolveranse actuacións derivadas da normativa vixente en materia de administración electrónica, en especial tramitación electrónica de procedementos administrativos para avanzar na tramitación electrónica integral, potenciar a interoperabilidade dentro da Xunta de Galicia e entre administracións orientada á eliminación de petición de certificados aos usuarios, e a posta en marcha do proxecto do arquivo dixital.

Durante o ano 2015, darase continuidade ao desenvolvemento e implantación da administración e goberno electrónicos, consolidando a implantación de sistemas xa desenvolvidos e a posta en marcha e dotación de medios para novas actividades no marco do Plan de Administración e Goberno Electrónicos, que avanzará, entre outros ámbitos, na consolidación da eliminación de petición de documentación aos cidadáns, o arquivo electrónico da Administración pública, as canles de comunicación e participación cidadá ou o sistema de dixitalización en rexistros e sistema único de información ao cidadán.

Como xa se ten mencionado anteriormente, varios ámbitos serán recollidos de xeito detallado en atención á súa especificidade tecnolóxica e funcional: o desenvolvemento das tecnoloxías no eido do turismo, como sector tractor da economía galega, no contexto do plan smart turismo, que avanzará en dotar de ferramentas para a xestión dos recursos turísticos dende o punto de vista administrativo, promocional e de inspección e a difusión das TIC no Camiño de Santiago; a ordenación dos recursos e necesidades TIC para levar ao contexto dixital a difusión do patrimonio cultural de Galicia, coa posta en marcha do arquivo electrónico patrimonial; e a consolidación dun sistema de información xeográfico necesario para a xestión de medios e recursos nun contexto dixital; o desenvolvemento de novos sistemas en ámbitos sectoriais: educación, servizos sociais, emprego, ordenación forestal, incendios, transporte, ...

Igualmente, potenciarase o uso das TICs na Administración de xustiza, avanzando no desenvolvemento do expediente xudicial electrónico e Administración electrónica xudicial, ademais de continuar coas actuacións iniciadas en exercicios precedentes entre elas a colaboración con outras administracións o desenvolvemento de novos servizos dixitais.

Por outra banda, continuarase coa potenciación do modelo de colaboración coas entidades locais mediante a posta en marcha de servizos comúns para todas elas.

Nos ámbitos sectoriais (educación, servizos sociais, medio ambiente, transporte, emprego, agrogandeiro, forestal e pesqueiro), desenvolveranse programas de modernización tecnolóxica deses ámbitos, como son o Plan Trabe no ámbito dos servizos sociais; a introdución de contidos dixitais e entorno de aprendizaxe dentro do Proxecto Abalar no ámbito educativo; a posta en funcionamento dun sistema de axuda á explotación e xestión do transporte de viaxeiros por estrada dentro do Plan de Modernización do transporte nese ámbito; a modernización dos sistemas que dan soporte ao Sistema Público de Emprego de Galicia no ámbito do traballo, o desenvolvemento de instrumentos de soporte á execución dos fondos do programa de desen-

volveremento rural, á política agraria común, e á ordenación forestal e rural; e o desenvolvemento de proxectos de innovación no sector primario.

No ámbito das telecomunicacións continuarase coa mellora na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa.

Continuarase coas iniciativas que se están levando a cabo no ámbito da sociedade da información, reorientando os colectivos obxectivo a aqueles nos que a fenda dixital é máis evidente, no ámbito empresarial ás PEMES, micropemes e autónomos, e no ámbito da cidadanía, facendo foco nos colectivos en risco de exclusión social.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A pesar de que as actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (cidadanía en xeral, administracións públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), o mesmo ten tamén un impacto positivo na redución da fenda dixital de xénero existente na actualidade.

Así, a fenda dixital de xénero no uso de internet en Galicia sitúase en 3,9 puntos fronte aos 5,2 da media estatal. En Galicia, un 55,5% das mulleres e un 59,4% dos homes fixo uso de internet nos últimos tres meses. No período 2008-2012 a porcentaxe de mulleres galegas que

utilizan internet incrementouse máis de 11 puntos porcentuais, permitindo reducir a diferenza no uso de internet entre homes e mulleres en 2,6 puntos respecto ao ano 2008.

Doutra banda, o sector tecnolóxico galego conta con máis de 15.000 traballadores dos que o 38% son mulleres. Sen embargo só o 17,3% se dedica á funcións TIC fronte ao 52,9% de homes. A porcentaxe de mulleres en postos directivos nas empresas do sector sitúanse en torno a un 20%.

Do total do persoal dedicado a I+D+i nas empresas TIC galegas, un 81,6% son homes e o restante 18,4% son mulleres, o que amosa unha clara masculinización desta actividade no sector TIC.

O Plan de Inclusión Dixital incluído no presente programa, aínda que non dirixido especificamente a mulleres, si ten un impacto positivo dende a perspectiva de xénero na medida en que contribúe á redución da fenda dixital e a facilitar o acceso á Sociedade da Información daqueles colectivos máis desfavorecidos (desempregados, mulleres, terceira idade...).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	

Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Plan de Inclusión Dixital: destinado á alfabetización dixital, redución da fenda dixital e a facilitar o acceso á sociedade da información daqueles colectivos máis desfavorecidos (desempregados, mulleres, terceira idade...).

PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Redución da fenda existente entre homes e mulleres no acceso á sociedade da información.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Secretaría Xeral da Presidencia

III.1.8. PROGRAMA 761A - COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Inclúe este programa a realización de accións tendentes á posta en valor do destino Galicia así como mellora dos servizos turísticos existentes para ser recoñecidos a nivel nacional e internacional como un destino sostible, diferenciado polos seus recursos naturais e culturais, e sostido por un tecido empresarial innovador, que ofrece unha excelente atención ao cliente.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Considerando o turismo como prioridade política e económica debemos aproveitar a oportunidade de consolidar a posición de Galicia como destino único, dinámico, diferenciado e diversificado, orientando as actuacións da administración ao fomento do turismo como motor de

desenvolvemento sostible socioeconómico para os territorios apostando pola responsabilidade social e medio ambiental, a adecuación aos avances tecnolóxicos e un enfoque turístico á demanda.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa diríxese tanto a axentes públicos e entidades xestoras como a axentes privados nacionais e internacionais. Facer de Galicia un destino único, non é viable sen a cooperación entre axentes, tanto entre axentes privados coma entre axentes públicos e privados, para articular unha oferta máis atractiva e deseñar as comunicacións e infraestruturas necesarias para traer o turista a Galicia. Debe facelo de xeito coordinado e potenciando tamén as alianzas entre axentes tanto a nivel nacional coma internacional que acerquen o turista a Galicia.

É relevante a colaboración e cooperación entre os distintos departamentos da Xunta na busca de estratexias conxuntas para lograr sinerxías entre o turismo e outros sectores (agroalimentario, industrial, idiomático, transportes...).

Por outro lado, as actuacións van dirixidas a toda a poboación en xeral, á que se pretende atraer ao destino Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Dende o ano 2010, a actividade turística en Galicia ven definida polo Plan de Acción de Turismo 2010-2013. O novo Plan Integral de Turismo de Galicia 2014-2016 constitúe a folla de ruta específica e diferencial para o sector turístico ata o 2016.

Nunha análise sobre a contribución e o impacto que a actividade turística tivo en Galicia nese período destacan os seguintes datos: 10,6% PIB e 11,23% do total do emprego (Fonte: EPA 2013).

Os indicadores en materia de turismo foron os seguintes: turistas en establecementos regradados: 3.600.000; turistas internacionais regradados: 900.214; estadía media 2,2 noites; gasto total de turistas internacionais: 760.000.000; ocupación media hoteleira: 28,54%.

O novo Plan Integral de Turismo de Galicia 2014-2016, recolle as seguintes liñas estratéxicas:

- L.E.1. O Camiño como eixe vertebrador de novas alternativas de turismo e modelo demostrador internacional.
- L.E.2. A oferta turística baseada no patrimonio e nos recursos endóxenos diferenciais, buscando a desestacionalización, e os novos públicos.
- L.E.3. Galicia como destino ambiental, social e economicamente sostible.

- L.E.4. O fomento do talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías para acadar un sector competitivo e un destino intelixente.
- L.E.5. A promoción e comercialización de Galicia como destino único baseado nun modelo á demanda.
- L.E.6. O consenso e a cooperación entre o sector público e privado para un marco eficiente e xerador de oportunidades.

O desenvolvemento destas liñas estratéxicas, debe permitir conseguir, no período 2014-2016, os obxectivos seguintes: turistas en establecementos regrados: 4.000.000; turistas internacionais regrados: 1.000.000; estadía media 2,5 noites; gasto total de turistas internacionais: 836.000.000; ocupación media hoteleira: 33,54%.

A situación de partida do turismo en Galicia presenta unha serie de debilidades, que son: a estacionalidade da demanda e a estadía media; a escasa cultura da innovación nas empresa; a escasa coordinación entre administracións; o excesivo dimensionamento do sector; o escaso grao de desenvolvemento tecnolóxico do sector; a escasa degradación da paisaxe e do patrimonio galego; a escasa oferta complementaria.

Como ameazas poden sinalarse: a existencia de destinos similares, máis consolidados e especializados; a consolidación dun mercado global máis accesible; a imaxe exterior de España, influenciada pola actual situación de crise; a percepción negativa respecto ao clima galego por parte dos turistas; as consecuencias negativas que afectan ao medio ambiente.

Pola contra, como fortalezas caben mencionar: o Camiño de Santiago como icona turística, desestacionalizador e captador de turismo internacional; a riqueza cultural e natural que fan de Galicia un destino único; a imaxe de Galicia como destino auténtico e do seu carácter hospitallario; a demostrada conciencia do sector turístico no marco da calidade turística e ambiental; a diversificación e calidade dos produtos turísticos; a multitude de actores implicados no desenvolvemento, formación e innovación turística; a alta contribución do turismo ao PIB galego e ao emprego.

Por último, cabería indicar as seguintes oportunidades: a proxección internacional do Camiño de Santiago; as novas motivacións e as novas tendencias dos turistas actuais; a definición da Estratexia Rexional de Especialización Intelixente (RIS3); a proliferación de compañías aéreas de baixo custo; o envellecemento da poboación e o aumento da calidade de vida; a dinamización de mercados turísticos emerxentes; o crecemento da conciencia pública e preocupación pola conservación do patrimonio e do medio ambiente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

- Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Decreto 144/2013, do 5 de setembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia.
- Decreto 148/2013, do 12 de setembro, polo que se regula o libro de visitas da inspección turística e as follas de reclamacións de turismo.

Neste marco legal e regulamentario e do Plan Estratégico de Galicia 2010-2014, o Plan Integral de Turismo de Galicia 2014-2016 e o Marco Xeral de Turismo de Galicia 2020 definen as actuacións a realizar pola Axencia de Turismo de Galicia dentro do programa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os obxectivos prioritarios do programa son:

- O posicionamento de Galicia como marca e como destino diferencial a nivel interno, nacional e internacional.
- A consolidación de Galicia como destino multiexperiencial, cunha oferta segmentada e desestacionalizadora.
- O desenvolvemento de Galicia como destino europeo de turismo sostible.
- O afianzamento dun sector turístico galego, competitivo, proactivo, innovador e coordinado, con visión internacional.

O exercicio orzamentario 2015 representará un ano de recuperación nas cifras de turistas procedentes dos mercados emisores nacionais. No que atinxe aos mercados internacionais, que contan cada ano con máis peso para este sector en Galicia e que foron o verdadeiro pilar nos últimos anos marcados pola baixada de turistas españois, o vindeiro ano deberá estar marcado tamén polo crecemento sostido, tanto nos mercados emisores tradicionais coma nos novos mercados.

O programa de actuacións deseñado para acadar o dito incremento de turistas nacionais e internacionais, estará centrado na comunicación dos valores do destino a través da marca turística "Galicia, el buen Camino", e dos dez produtos cabeceira de marca, contribuíndo a reflectir a través de todas as ferramentas de comunicación os valores de Galicia: sensibilidade co contorno, sostenibilidade, igualdade de xénero... Desde as plataformas que constitúen os perfís de turismo de Galicia nas redes sociais de maior alcance, continuarase a difundir os ditos valores que distinguen a Galicia como un destino de calidade, respectuoso co turista e único.

Un dos eixes vertebradores da comunicación e da promoción turística do 2015 será o da calidade turística. Para iso, a Axencia de Turismo de Galicia desenvolverá liñas de colaboración co sector turístico galego a través do Clúster do Turismo de Galicia, e traballará para acadar novos

escenarios de sinerxías con outros departamentos da Xunta de Galicia como a Consellería de Economía e Industria a través de Galicia Calidade.

Ao igual que no 2014, a primeira metade do ano 2015 estará claramente marcada pola efeméride do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Compostela, que deixará paso a un segundo semestre que coincidirá co comezo da tempada alta, cunhas cifras que deberán reflectir o protagonismo de Galicia e do Camiño de Santiago.

O Camiño de Santiago e o desenvolvemento do seu plan director será un dos obxectivos principais das accións da Axencia de Turismo de Galicia no ano 2015.

O mantemento, conservación e mellora dos trazados dos distintos Camiños resultan esenciais e urxentes en distintos puntos onde o desgaste provocado polos factores climatolóxicos é maior e a sinalización do Camiño é outra das obrigas de urxente execución, pois é unha das actuacións mais reclamadas polos peregrinos.

A rede de albergues públicos tense evidenciado como motor esencial para o actual dinamismo socioeconómico do Camiño de Santiago polo efecto chamada que a rede pública ten sobre a iniciativa privada co efecto multiplicador que implica sobre o investimento, e correlativamente sobre o emprego. En concreto, cómpre a realización de obras de mantemento nos albergues de maior antigüidade e a creación de novos establecementos naquelas rutas con menor dotación de prazas (caso do Camiño Inglés e do Camiño da Vía da Prata).

Para o curso 2014-2015, o Centro Superior de Hostalería de Galicia completará o período de transición entre os plans de estudo que comezou no curso 2012-2013. A súa promoción como exportador de coñecemento para a formación e reciclaxe do sector de profesionais do sector turístico e actividades de asesoramento e consultaría ao sector turístico tamén será eixe fundamental da xestión no ano 2015.

Outras accións que cabe mencionar como necesarias para o desenvolvemento dos nosos obxectivos, para o ano 2015, son:

- O desenvolvemento de accións para o impulso da profesionalidade e especialización turística.
- O desenvolvemento de accións para a mellora da innovación, modernización e competitividade da administración turística.
- As accións de mellora nas dotacións, equipamentos e infraestruturas públicas.
- O apoio ás actuacións para o desenvolvemento dun turismo de innovación, sostible e de calidade.
- O apoio á innovación e investimentos privados no sector turístico.
- A creación e consolidación de produtos e rutas turísticas innovadoras que aseguren a desestacionalización e diferenciación do destino Galicia.

- A divulgación, consolidación e promoción da marca turística e destino Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Dende unha perspectiva de xénero, o programa coordinación e promoción do turismo non é un programa especificamente dirixido a igualdade entre mulleres e homes. Sen embargo, a visibilidade do territorio e das súas características que se acada coas accións de comunicación que se levan a cabo desde a Axencia de Turismo de Galicia, debe ser tido en conta na proxección de Galicia coma un destino moderno en todos os sentidos e as consecuencias das “ decisións turísticas ” non son neutras en termos de xénero.

Unha das principais limitacións para detectar a situación de partida no sector turístico é a escasa dispoñibilidade de información de calidade para realizar a análise de xénero no sistema económico turístico. Mais alá de datos xenéricos desagregados por sexos a nivel de emprego no sector turístico, a información dispoñible por subramas dentro do sector ou do emprego por conta propia é case que nula así como a información sobre o sexo das persoas titulares de empresas turísticas ou das características das persoas visitantes na comunidade autónoma.

Segundo a enquisa de poboación activa, no ano 2013 o 49,7% do total de ocupados no sector turístico en Galicia son mulleres. O 67,3% das mulleres ocupadas no sector turístico son menores de 45 anos, mentres que esta porcentaxe queda no 64,2% no caso dos homes. Polo que a evolución do peso do emprego feminino se prevé que se incremente nos próximos anos.

A materia pendente é conseguir condicións de equidade nos salarios e nos cargos nun sector onde as mulleres ocupan unha porcentaxe mínima en cargos de responsabilidade ou dirección e perciben unha porcentaxe de salario inferior aos homes empregados. Segundo os datos da Organización Mundial del Turismo, as mulleres gañan entre un 10 e un 15 por cento menos que os seus homólogos varóns no sector turístico.

As actuacións de mellora na accesibilidade aos recursos turísticos, aínda que beneficia a toda a poboación, si pode ter incidencia na decisión de optar por un destino ou outro. Por exemplo, á mellora de accesos ás praias para as visitas con nenos ou persoas maiores dedícase una maior esforzo orzamentario.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	
----------------------	--

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Polo tipo de oferta turística de Galicia e, polo tanto, polo público obxectivo da comunicación, as imaxes de Galicia que transcenden tanto das campañas encargadas pola Axencia de Turismo de Galicia que aparecen nos medios convencionais coma nas redes sociais non resultan agresivas en canto á utilización da muller e do home como reclamo turístico. Non obstante, si deberá coidarse por parte da administración turística galega que nos pregos de condicións dos procedementos de contratación para campañas publicitarias que se leven a cabo en 2015, quede establecido como motivo de exclusión as propostas que conteñan calquera tipo de cosificación da muller ou do home. Así mesmo, no que atinxe aos plans de medios, deberá establecerse nos pregos de condicións que non se insertará publicidade institucional nos soportes cuxa liña editorial ou de imaxe sexa manifestamente sexista.

Ademais, a Axencia de Turismo de Galicia invitará a un/unha representante da consellería con competencias en materia de igualdade de xénero, a participar nas xuntanzas técnicas que se manteñan cos adxudicatarios dos procedementos polos que se leven a cabo as campañas de publicidade, de cara a que se estreme o coidado neste aspecto na selección de imaxes para a campaña.

Das accións previstas dentro do marco deste programa, aquelas que poden ter maior incidencia en materia de xénero son as formativas.

Neste ámbito, no ano 2015 farase especial fincapé en evitar calquera tipo de discriminación por razóns de xénero no Centro Superior de Hostalería de Galicia, instando aos profesores/as a poñer especial coidado na formación en igualdade e na maneira na que se dirixen aos seus alumnos/as. Tamén nos cursos específicos de formación para o sector se incluírán módulos nos que se incida nos aspectos que permitan incrementar as posibilidades de traballo para as mulleres cun maior valor agregado, así como a progresiva ruptura da segregación de xénero do mercado laboral.

Nas accións formativas a través dos acordos de colaboración coas universidades previstas para o 2015 deberá incidirse na información, sensibilización e educación para a igualdade en mulleres e homes. Neste ámbito, prevese tamén a inclusión de cláusulas nos convenios de colaboración que se asine coas entidades sectoriais, conducente a que na comunicación das actividades a levar a cabo en virtude do convenio se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes no sector turístico.

A utilización de indicadores como o número de mulleres beneficiarias destas accións servirán para valorar a incidencia das medidas formativas.

Nas ordes de axudas destinadas a empresas turísticas, procurarase a valoración na concesión das subvencións da aplicación de políticas de igualdade de oportunidades aos traballadores e traballadoras das empresas do sector e estableceranse medidas para facilitar o acceso ás liñas de axudas das PEMES como instrumento máis adecuado para dar acceso ás mulleres ao sector turístico.

Os indicadores a utilizar serán o número de mulleres destinatarias destas liñas de axuda.

No ámbito dos estudos e estatísticas que se realicen pola Axencia de Turismo de Galicia, estableceranse indicadores que permitan evidenciar ou cuantificar as desigualdades. Así, número de empresas titulares de homes e de mulleres que existen na comunidade autónoma, características das empresas de mulleres e homes (tamaño, número de persoas empregadas,...).

No ámbito da promoción turística e campañas publicitarias da marca Galicia, porase especial atención na utilización de imaxes e linguaxe non sexistas e en horarios e soportes máis axeitados para que a mensaxe chegue máis facilmente ás mulleres.

Indicadores como franxa horaria de emisión ou soportes utilizados poden indicarnos se as decisións son as máis adecuadas para que a mensaxe chegue á poboación feminina.

Así mesmo, e dado que o Camiño de Santiago constitúe o mascarón de proa da Axencia de Turismo de Galicia, as políticas de goberno deberán verse especialmente reflectidas neste produto. Así, no 2015 na rede de albergues propiedade da SA de Promoción do Plan Xacobeo realizárase unha enquisa para recabar ideas que axuden a fomentar a peregrinaxe de mulleres en todos os segmentos de idade.

As accións destinadas á desestacionalidade do turismo contribúen tamén a incrementar as posibilidades de participación na oferta turística de actores económicos locais dos que resultan maioritariamente beneficiadas as mulleres.

Nas accións a desenvolver pola axencia na incentivación de creación de produtos turísticos novos e creativos tamén resultan beneficiadas as mulleres, especialmente aqueles que priorizan a promoción de tecnoloxías aforrativas de tempo, a comercialización -incluíndo a promoción dos servizos/productos das mulleres- e a capacitación en xestión empresarial.

A política de promoción dun turismo de calidade, no que Galicia é líder, e que é un dos principais obxectivos do programa, serve para recoñecer no seu xusto valor aquelas ocupacións tradicionalmente consideradas como "femininas" e infravaloradas porque os saberes que tradicionalmente foron asignados ás mulleres son os que aportan a calidade neste sector: a atención, a preocupación pola hixiene, a limpeza, as tradicións, os idiomas, a artesanía...

PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLE- RES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

As accións deseñadas pretenden, moi especialmente, a revalorización económica e social do traballo das mulleres en actividades turísticas, a superación dos esquemas sociais discriminatorios de xénero, buscando a superación da división sexual do traballo no sector e promover a empresarialidade das mulleres na oferta turística buscando superar a concentración das mulleres en empresas de subsistencia.

Tamén o obxectivo é incidir na mellora da accesibilidade dos recursos turísticos o que favorecerá a decisión das mulleres a favor do recurso turístico accesible e de calidade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Turismo de Galicia.

S.A Xestión do Plan Xacobeo

Secretaría Xeral da Presidencia

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa	Indicador	Valor Final
Obxectivos Extratécnicos		
Obxectivos Operativos		
111A PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA		
M99 - Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia		
A001 - Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	- Sen indicador	
312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS		
M02 - Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante		
A002 - Acción de información, orientación e asesoramento para emigrantes galegos con vontade de retornar, así como axudas económicas que faciliten o retorno.	270 - Emigrantes retornados (mulleres) (Nº)	71
	271 - Emigrantes retornados (total) (Nº)	95
A005 - Accións dirixidas á poboación galega residente no exterior en situación de precariedade para garantirlle protección e asistencia sanitaria	608 - Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	4.763
	609 - Persoas beneficiadas (total) (Nº)	7.752
A015 - Accións formativas, culturais e de reencontro para a poboación emigrante galega e as súas comunidades.	608 - Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	1.700
	609 - Persoas beneficiadas (total) (Nº)	2.600
A008 - Apoio para promover a realización de proxectos culturais, formativos e actividades asociativas propias das entidades galegas no exterior.	322 - Entidades beneficiadas (Nº)	145
M99 - Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais		
A001 - Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	- Sen indicador	
432C FOMENTO DO AUDIOVISUAL		
M11 - Consolidar un sector galego do audiovisual e das industrias culturais		
A001 - Adquisición de equipamentos audiovisuais e multimedia.	329 - Equipamentos audiovisuais e multimedia (Nº)	9
A006 - Promoción do Sector Audiovisual e Multimedia	137 - Campañas de difusión y promoción (Nº)	2
	358 - Estudos, informes e traballos técnicos (Nº)	5
441A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA		
M10 - Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento		
A001 - Actuacións de desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento de Actividade Física "Galicia Saudable"	137 - Campañas de difusión y promoción (Nº)	1
	202 - Concellos beneficiados (Nº)	285
	382 - Federacións beneficiadas (Nº)	6
A002 - Actuacións do Plan de dinamización deportiva nos concellos.	533 - Novas instalacións deportivas (Nº)	1
A003 - Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra: desenvolvemento de programas de tecnificación e de Rendemento deportivo das Federacións deportivas galegas.	245 - Deportistas galegos de máximo nivel apoiados en CGTD (total)(Nº)	42
A004 - Convocatoria de axudas aos Deportistas Galegos de alto nivel para apoiar aos deportistas recoñecidos pola Secretaría xeral para o deporte como Deportistas Galegos de Alto Nivel.	243 - Deportistas galegos de elite (Nº)	179
A006 - Fomento do deporte galego a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas	322 - Entidades beneficiadas (Nº)	1.057
	769 - Proxectos (Nº)	1.067
A009 - INEF	66 - Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº)	174
	70 - Alumnado beneficiado (total) (Nº)	820
A008 - Mellora das infraestruturas deportivas a través de axudas a concellos e empresas.	202 - Concellos beneficiados (Nº)	3
	331 - Infraestruturas deportivas (Nº)	3
M99 - Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		
A001 - Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	- Sen indicador	
461A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL		
M04 - Dinamización e consolidación do sector da comunicación		
A001 - Fomento e apoio aos medios de comunicación	121 - Axudas concedidas (Nº)	57

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

	137 - Campañas de difusión y promoción (Nº)	7
	219 - Convenios asinados (Nº)	24
	286 - Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº)	11
	287 - Empresas beneficiadas (total) (Nº)	35
	5 - Actividades institucionais (Nº)	10
M99 - Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos		
A001 - Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	- Sen indicador	
461B RADIODIFUSIÓN E TVG		
M04 - Dinamización e consolidación do sector da comunicación		
A003 - Mellorar e ampliar a rede de infraestruturas de radio-difusión e dos telecentros de comunicación e potenciar os seus instrumentos de xestión	121 - Axudas concedidas (Nº)	195
	151 - Centros beneficiados (Nº)	451
	328 - Equipamentos (Nº)	692
	358 - Estudos, informes e traballos técnicos (Nº)	12
	54 - Actuacións en infraestruturas para servizos de TV e radiodifusión (Nº)	16
A004 - Promoción da lingua galega no ámbito dos medios de comunicación	1079 - Portais en redes sociais (Nº)	20
	1090 - Webs do catálogo (Nº)	6
	1108 - Emisión de programas de radio (horas)	24.600
	1109 - Emisión de programas de televisión (horas)	32.800
M99 - Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos		
A001 - Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	- Sen indicador	
571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO		
M04 - Dinamización e consolidación do sector da comunicación		
A003 - Mellorar e ampliar a rede de infraestruturas de radio-difusión e dos telecentros de comunicación e potenciar os seus instrumentos de xestión	945 - Usuarios (mulleres) (Nº)	2.350
	946 - Usuarios (total) (Nº)	4.700
M88 - FEDER		
A001 - MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DOS SECTORES PRODUTIVOS - PROGRAMA TRANSFORMA TIC - PLAN PEME DIXITAL	C001 - Número de empresas que reciben axudas	9
A002 - REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN DE DESENVOLVEMENTO DE ADMINISTRACIÓN E GOBERNO ELECTRÓNICO	E024 - Número de usuarios que tienen acceso o cubiertos por las aplicaciones/ servicios de Administración electrónica	77.000
A007 - REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN DE INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS	E024 - Número de usuarios que tienen acceso o cubiertos por las aplicaciones/ servicios de Administración electrónica	154.000
A010 - REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN DE MODERNIZACIÓN DEL TRANSPORTE	E029 - Número de usuarios que tiene acceso o están cubiertos por servicios Transporte inteligente	12.700
A005 - REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN DE MODERNIZACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS	E024 - Número de usuarios que tienen acceso o cubiertos por las aplicaciones/ servicios de Administración electrónica	150.000
A003 - REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN E-XUSTIZA	E017 - Órganos judiciales cubiertos por el Expediente judicial electrónico	10
A009 - REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN PARA A XESTIÓN DIXITAL E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA	E024A - Numero de procedimientos tramitables que se crean o mejoran con la operación	5
A008 - REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: PLAN SMART TURISMO	E024A - Numero de procedimientos tramitables que se crean o mejoran con la operación	15
M05 - Fomento das TIC e e-Administración, como un dos máis poderosos instrumentos dispoñibles na actualidade para a conformación dun novo modelo, esencial no apoio dos novos procedementos e sistemas de xestión e facilitando a accesibilidade e atención ao cidadán		
A003 - Potenciación do uso das TIC na Administración de Xusticia.	25 - Actuacións de formación (Nº)	250
	91 - Aplicacións desenvolvidas (Nº)	11
	944 - Unidades xudiciais (Nº)	130
M01 - Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia		

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

A001 - Desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia	1067 - Ampliación da velocidade media de acceso á Rede Corporativa(Mbps)	2
	1068 - Porcentaxe de ampliación da velocidade media de acceso da Rede Corporativa da Xunta de Galicia (%)	8
	154 - Centros conectados con Banda Ancha (Nº)	2
	686 - Poboación adicional que dispón de acceso a redes de banda ampla (Nº)	2.000
A016 - Desenvolvemento das TIC nos sectores tractors da economía galega	557 - Novos servizos ofertados por vía electrónica (Nº)	6
	91 - Aplicacións desenvolvidas (Nº)	84
A010 - Impulso da Administración electrónica co obxectivo de reducir costes de funcionamento da Administración.	1072 - Empregados públicos acreditados dixitalmente (total) (Nº)	12.000
	1075 - Trámites en modelo telemático para cidadán (Nº)	800
	1082 - Sistemas de información corporativos centralizados no CPD central (Nº)	1
	1090 - Webs do catálogo (Nº)	220
	557 - Novos servizos ofertados por vía electrónica (Nº)	31
	91 - Aplicacións desenvolvidas (Nº)	176
	946 - Usuarios (total) (Nº)	11.967
A013 - Promover e difundir aplicacións e servizos dirixidos ás familias, cidadáns e pemes, como a carpeta do cidadán, ou centros de información, que incrementen a accesibilidade aos servizos das administracións públicas	557 - Novos servizos ofertados por vía electrónica (Nº)	5
	91 - Aplicacións desenvolvidas (Nº)	25
M05 - Incrementar a transferencia de coñecemento entre a Universidade e a empresa como vía para mellorar a competitividade das nosas empresas		
A001 - Actividades en rede entre institucións de ensinanza superior, centros de investigación e empresas.	151 - Centros beneficiados (Nº)	1
	821 - Publicacións (Nº)	2
M99 - Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos		
A001 - Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	- Sen indicador	
761A COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO		
M17 - Apoio e incentivo a produtos turísticos estratéxicos en canto que aseguren a desestacionalización e a diferenciación no destino Galicia		
A004 - Accións de apoio a investimentos privados turísticos produtivos no territorio.	287 - Empresas beneficiadas (total) (Nº)	30
	769 - Proxectos (Nº)	30
A001 - Accións destinadas á accesibilidade turística do territorio e dos establecementos comerciais e turísticos, aproveitando as condicións de non masificación do turismo en Galicia	674 - Plans e campañas de dinamización e promoción turística desenvolvidas (Nº)	200
	937 - Turistas (Nº)	150.000
M18 - Desenvolvemento dunha nova estratexia de marketing no sector turístico		
A001 - Impulso dunha maior comercialización polo sector privado, baseado na mellor paquetización do destino e no uso das novas TIC aplicadas ao turismo	21 - Actuacións de comunicación da nova marca (Nº)	3
	769 - Proxectos (Nº)	2
A002 - Lanzamento, divulgación, consolidación e promoción da marca turística e o destino Galicia.	383 - Feiras (Nº)	20
	674 - Plans e campañas de dinamización e promoción turística desenvolvidas (Nº)	10
	89 - Anuncios publicitarios TV (Nº)	500
M16 - Desenvolvemento e impulso de estratexias de aposta pola competitividade dos establecementos turísticos (calidade, - e non pola cantidade- + mellora da xestión + formación) e dos destinos (desenvolvemento de produtos que incidan directamente nun maior gasto medio e/ou maior estadia media e/ou maior cota de turismo internacional)		
A001 - Concesión de bolsas para posgraduacións/mestrados de xestión/planificación de recursos turísticos xenuíños de Galicia.	608 - Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº)	200
	609 - Persoas beneficiadas (total) (Nº)	300
A002 - Maior competitividade da administración turística. Modernización da rede de oficinas turísticas galegas.	769 - Proxectos (Nº)	1
A003 - Mellora da competitividade da empresa turística: formación, estudos, estatísticas, calidade, etc..	287 - Empresas beneficiadas (total) (Nº)	50
	322 - Entidades beneficiadas (Nº)	50
A004 - Mellora da profesionalización turística coa Consolidación do Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG)	254 - Docentes participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº)	60

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

M88 - FEDER		
A054 - CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN, FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA COMO DESTINO CULTURAL, TURÍSTICO E NATURAL	C009 - Aumento del número de visitas previstas a lugares pertenecientes al patrimonio cultural y natural y atracciones subv.	100.000
A053 - CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN, FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO	C009 - Aumento del número de visitas previstas a lugares pertenecientes al patrimonio cultural y natural y atracciones subv.	100.000
M19 - Promoción de Galicia como destino de turismo cultural		
A001 - Accións de acondicionamento na Illa de San Simón, Muralla de Lugo, Torre de Hércules, Camiño e cidade de Santiago (Patrimonio da Humanidade)	50 - Actuacións dirixidas á promoción do turismo cultural (Nº)	3
	596 - Peregrinos do Camiño de Santiago de Compostela (Nº)	200.000
	974 - Visitantes a cidade de Santiago de Compostela (Nº)	250.000
A002 - Accións en materia de revitalización turística no territorio.	435 - Infraestrutura turística nova e/ou mellorada (Nº)	17
	455 - Inmoebles aos que se incorporaron medidas que favorezan a accesibilidade (Nº)	6
	674 - Plans e campañas de dinamización e promoción turística desenvolvidas (Nº)	20
	769 - Proxectos (Nº)	4
A009 - Restauración e posta en valor dos Camiños de Santiago; acondicionamento de espazos públicos do contorno dos Camiños, conservación da paisaxe e rehabilitación do patrimonio etnográfico vinculado aos Camiños	596 - Peregrinos do Camiño de Santiago de Compostela (Nº)	400.000
	769 - Proxectos (Nº)	8
M99 - Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial		
A001 - Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	- Sen indicador	

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	10	11	20	21	30
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	3.288	89			
312C-Servizos sociais relativos ás migracións					7.783
432C-Fomento do audiovisual			160		
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social			5.269	119	
461B-Radiodifusión e TVG			98.735		
Total	3.288	89	104.164	119	7.783

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	40	A1	A2	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia				3.377
312C-Servizos sociais relativos ás migracións				7.783
432C-Fomento do audiovisual				160
441A-Promoción da actividade deportiva	18.548			18.548
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social				5.387
461B-Radiodifusión e TVG				98.735
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento		85.687		85.687
761A-Coordinación e promoción do turismo			42.901	42.901
Total	18.548	85.687	42.901	262.579

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	2.543	818	5	11				3.377
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	1.487	1.993	3.729	40	534			7.783
432C-Fomento do audiovisual				160				160
441A-Promoción da actividade deportiva	3.136	3.104	9.839	2.109	360			18.548
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	1.661	1.097	1.244	1.385				5.387
461B-Radiodifusión e TVG				2.260	308	95.633	534	98.735
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	10.773	6.546	788	56.530	907		10.144	85.687
761A-Coordinación e promoción do turismo	10.098	3.727	4.294	18.527	6.255			42.901
Total	29.699	17.286	19.898	81.021	8.364	95.633	10.678	262.579

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	2014	2015	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.455	2.455	0,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	858	818	-4,6
Cap. IV - Transferencias correntes	5	5	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	13	11	-18,0
Total	3.330	3.288	-1,3

(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)

11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	2014	2015	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	89	89	0,0
Total	89	89	0,0

(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)

20 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	2014	2015	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.543	1.543	0,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.131	1.097	-3,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.248	1.244	-0,3
Cap. VI - Investimentos reais	3.819	3.805	-0,4
Cap. VII - Transferencias de capital	231	308	33,6
Cap. VIII - Activos financeiros	90.195	95.633	6,0
Cap. IX - Pasivos financeiros	417	534	28,1
Total	98.583	104.164	5,7

(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)

21 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN	2014	2015	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	119	119	0,0
Total	119	119	0,0

(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)

30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	2014	2015	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.569	1.487	-5,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.906	1.993	4,6
Cap. IV - Transferencias correntes	3.844	3.729	-3,0
Cap. VI - Investimentos reais	40	40	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	660	534	-19,1
Total	8.019	7.783	-2,9

(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)

40 SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	2014	2015	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.136	3.136	0,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.796	3.104	11,0
Cap. IV - Transferencias correntes	10.621	9.839	-7,4
Cap. VI - Investimentos reais	1.259	2.109	67,5
Cap. VII - Transferencias de capital	462	360	-22,0
Total	18.273	18.548	1,5

(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	2014	2015	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.695	10.773	0,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	7.084	6.546	-7,6
Cap. IV - Transferencias correntes	838	788	-6,0
Cap. VI - Investimentos reais	59.290	56.530	-4,7
Cap. VII - Transferencias de capital	707	907	28,3
Cap. IX - Pasivos financeiros	10.063	10.144	0,8
Total	88.677	85.687	-3,4

(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	2014	2015	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.098	10.098	0,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.792	3.727	-1,7
Cap. IV - Transferencias correntes	4.610	4.294	-6,9
Cap. VI - Investimentos reais	17.940	18.527	3,3
Cap. VII - Transferencias de capital	6.792	6.255	-7,9
Total	43.232	42.901	-0,8

(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2014	2015	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	3.330	3.288	-1,3
11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	89	89	0,0
20 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	98.583	104.164	5,7
21 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN	119	119	0,0
30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	8.019	7.783	-2,9
40 SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	18.273	18.548	1,5
A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	88.677	85.687	-3,4
A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	43.232	42.901	-0,8
Total	260.321	262.579	0,9

(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015
Cap. I - Gastos de persoal	8.909	8.827	20.793	20.872	0	0	29.702	29.699
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	6.691	7.013	10.876	10.273	0	0	17.567	17.286
Cap. IV - Transferencias correntes	47.968	47.255	5.448	5.082	32.251	32.438	21.166	19.898
OPERACIÓNS CORRENTES	63.568	63.095	37.117	36.226	32.251	32.438	68.435	66.883
Cap. VI - Investimentos reais	5.131	5.965	77.230	75.057	0	0	82.361	81.021
Cap. VII - Transferencias de capital	96.144	93.564	7.498	7.162	94.792	92.362	8.850	8.364
Cap. VIII - Activos financeiros	90.195	95.633	0	0	0	0	90.195	95.633
Cap. IX - Pasivos financeiros	417	534	10.063	10.144	0	0	10.480	10.678
OPERACIÓNS DE CAPITAL	191.886	195.696	94.792	92.362	94.792	92.362	191.886	195.696
Total	255.454	258.791	131.909	128.589	127.043	124.801	260.321	262.579

(Orzamento 2014 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Presidencia da Xunta de Galicia	2015
Altos Cargos	7
Persoal Funcionario	145
Subgrupo A1	34
Subgrupo A2	28
Subgrupo C1	32
Subgrupo C2	41
Agrupacións profesionais	10
Persoal Laboral	59
Grupo I	10
Grupo II	4
Grupo III	7
Grupo IV	2
Grupo V	35
Grupo VIII	1
TOTAL	211

Medios Persoais

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	2015
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	184
Subgrupo A1	47
Subgrupo A2	50
Subgrupo C1	79
Subgrupo C2	7
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	100
Grupo I	13
Grupo II	17
Grupo III	65
Grupo IV	5
TOTAL	285

Medios Persoais

Axencia de Turismo de Galicia	2015
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	120
Subgrupo A1	16
Subgrupo A2	40
Subgrupo C1	24
Subgrupo C2	32
Agrupacións profesionais	8
Persoal Laboral	169
Grupo I	2
Grupo II	6
Grupo III	3
Grupo IV	3
Grupo V	6
Sin Grupo	149
TOTAL	290

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Deporte Galego	2.955	20
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	99.761	3.356
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	8.060	300
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	4.960	
Total	115.737	3.676

(Miles de Euros)

